


# PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Xullo 2011



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE  
DAS ILLAS ATLANTICAS DE GALICIA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de  
Conservación da Natureza

**PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE  
NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS  
ATLÁNTICAS DE GALICIA**



## **Índice**

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	4
2. OBXECTIVOS E CRITERIOS DE XESTIÓN	6
2.1. Obxectivos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia	6
2.2. Normas xerais	7
2.2.1. Ámbito do PRUX	7
2.2.2. Natureza e vixencia do PRUX	8
2.2.3. Revisión do PRUX	9
2.3. Obxectivos e directrices do PRUX	9
2.3.1. Obxectivos xerais	9
2.3.2. Directrices de xestión	12
2.4. Concesións e autorizacións	14
3. BASES XURÍDICO-NORMATIVAS E DE REGULACIÓN DE ACTIVIDADES	16
3.1. Zonificación	16
3.1.2. Zona de Reserva	16
3.1.3. Zona de Uso Restrinxido	18
3.1.4. Zona de Uso Moderado	20
3.1.5. Zona de Uso Especial	22
3.1.6. Zona de Asentamentos Tradicionais	23
3.2. Implicacións da zonificación sobre o réxime de usos	24
3.3. Normativa de protección	27
3.3.1. Para a biodiversidade do Parque Nacional	27
3.3.2. Para a conservación dos recursos paisaxísticos e culturais do Parque Nacional	29
3.3.3. De carácter xeral	29
3.4. Réxime de usos, actividades e aproveitamentos	30
3.4.1. Actividades de xestión	30

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

3.4.2. Aproveitamentos tradicionais	30
3.4.3. Acceso e uso dos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres	31
3.4.4. Uso público	32
3.4.5. Infraestruturas, instalacións e vivendas	40
3.4.6. Investigación e seguimento	40
3.4.7. Usos doutras administracións con presenza no Parque Nacional	41
4. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN	42
4.1. En materia de conservación da biodiversidade	42
4.2. En materia de conservación do patrimonio cultural	43
4.3. En materia de conservación da paisaxe	43
4.4. En materia de conservación dos recursos hídricos	44
4.5. En materia de contaminación, xestión de residuos e de eficiencia enerxética	44
4.6. En materia de aproveitamentos e usos tradicionais	45
4.7. En materia de investigación	45
4.8. En materia de uso público	46
4.8.1. Programa de información e divulgación	46
4.8.2. Programa de Interpretación	47
4.8.3. Programa de educación ambiental	47
4.8.4. Programa de voluntariado e de prácticas	47
4.8.5. Equipamentos e infraestruturas de Uso Público	47
4.8.5. Rede de Sendeiros. Sinalización	48
4.8.6. Seguridade e protección dos visitantes	48
4.8.7. Programa de calidade da área de Uso Público	49
4.9. En materia de relacións coa poboación local	49
4.10. En materia de infraestruturas	50
4.11. En materia de seguimento e avaliación	50
4.12. En materia de organización administrativa e participación cidadá	51
4.13. Plan de desenvolvemento sostible	52
4.14. Desenvolvemento de Plans Sectoriais	52
4.15. Estimación económica dos investimentos correspondentes	53
ANEXO I. DESCRIPCIÓN DE LÍMITES	54
ANEXO II. CARTOGRAFÍA	70
ANEXO III. ESTIMACIÓN ECONÓMICA	71

## **1. Exposición de motivos**

---

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia declárase como tal o día 2 de xullo de 2002, a través da Lei 15/2002 (modificada polo artigo 121 da Lei 53/2002, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social). Polo tanto, queda definido, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 5/2007, de 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais, como unha mostra dos “espazos naturais de alto valor ecolóxico e cultural, pouco transformados pola explotación ou actividade humana que, en razón da beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna, da súa xeoloxía ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos destacados, cuxa conservación merece unha atención preferente e se declara de interese xeral do Estado”.

A Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, establece no seu artigo 9 que o instrumento para a planificación da xestión do parque é o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX), e na súa disposición adicional segunda, que no prazo dun ano desde a aprobación de dita Lei se elaborará o Plan Reitor de Uso e Xestión.

A Lei 5/2007, de 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais, atribúe ás Comunidades Autónomas a xestión e organización dos Parques Nacionais en cuxo territorio se encontren emprazados, polo que, en función do Real Decreto 1082/2008, de 30 de xuño, sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, Galicia asume a administración e xestión ordinaria e habitual do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG), e lle corresponde a aprobación e execución do seu Plan Rector de Uso e Xestión, determinar a composición do Padroado, o seu réxime interno de funcionamento e o nombramento do seu Presidente (funcións e servizos asumidos de forma expresa pola comunidade autónoma polo Decreto 158/2008, de 10 de xullo).

Segundo o Decreto 280/2008, de 11 de decembro, polo que se modifica o Decreto 1/2006, de 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, créase a unidade administrativa que leva a cabo os servizos e funcións que asume a Consellería, denominada director/a conservador/a do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, con nivel orgánico de servizo e baixo a dependencia directa, orgánica e funcional da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

O Decreto 103/2004, de 13 de maio, polo que se regula o exercicio das competencias de pesca, marisqueo e acuicultura no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, determina as competencias do Estado en augas exteriores, e da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería competente en materia de pesca, marisqueo e acuicultura, en augas interiores, sendo estas últimas a casi totalidade das augas do Parque Nacional. No seu Art. 2º establece a súa competencia en: a) establecer o réxime de protección dos recursos mariños de conformidade cos obxectivos xerais da Lei 15/2002, de 1 de xullo, que declara o Parque Nacional; e b) outorgar os títulos habilitantes para o exercicio da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **2. Obxectivos e criterios de xestión**

---

### **2.1. Obxectivos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

Segundo se recolle na Lei 15/2002, a declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia ten por obxecto:

- a) Protexer a integridade dos ecosistemas ligados a zonas costeiras e á plataforma continental da rexión eurosiberiana.
- b) Asegurar a conservación e recuperación, no seu caso, dos hábitats e as especies, así como a preservación da diversidade xenética.
- c) Asegurar a protección, recuperación, fomento e difusión dos seus valores medioambientais e do seu patrimonio natural, regulando de forma compatible coa súa conservación tanto a actividade investigadora e educativa como o acceso dos visitantes.
- d) Promover e apoiar no interior do Parque as actividades tradicionais compatibles coa protección do medio natural.
- e) Aportar ao patrimonio común unha mostra representativa do ecosistema litoral da rexión eurosiberiana, incorporando o Parque Nacional aos programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.

A inclusión do Parque Nacional desde o 27 de xuño de 2008 na Rede OSPAR de Áreas Mariñas Protexidas, conforme ao disposto nos artigos 6 e 49.1 c) da Lei 42/2007, de 13 de decembro, determina, no marco dun enfoque ecosistémico, a obriga de:

- a) Protexer, conservar e restaurar as especies, os hábitats e os procesos ecolóxicos que teñen sido afectados negativamente polas actividades humanas.
- b) Previr a degradación de, e o dano a, especies, hábitats e procesos ecolóxicos, seguindo o principio de precaución.
- c) Protexer e conservar áreas que mellor representan a distribución das especies, hábitats e procesos ecolóxicos na área marítima.
- d) Aplicar o principio de precaución.
- e) Aplicar o principio de quen contamina paga.
- f) Aplicar as mellores técnicas dispoñibles.
- g) Aplicar a mellor práctica medioambiental.

## **2.2. Normas xerais**

---

### **2.2.1. Ámbito do PRUX**

---

O ámbito de aplicación do presente documento correspóndese cos límites establecidos no Anexo da Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e no Art. 121 da Lei 53/2002, de 30 de decembro, que modifica a Lei 15/2002, en relación aos límites do arquipélago de Ons e Onza, sendo estes:

#### **a) Arquipélago das illas Cíes**

O espazo marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

Punto	Denominación	X	Y
1	Norte Punta de Monteagudo (NE)	508.804	4.677.740
2	Sur Baixos de Carrumeiros (SE)	510.672	4.670.750
3	Sur Castros de Agoeiros (SO)	506.949	4.668.300
4	Illote de Biduídos (NO)	505.673	4.678.648

, que arrodea ás illas de Monte Faro, Monteagudo e San Martiño e illotes adxacentes. Dito arquipélago está emprazado na entrada da ría de Vigo, termo municipal desta localidade, e comprende unha superficie de 2.658 hectáreas marítimas e 433 hectáreas terrestres.

#### **b) Arquipélago de Ons e Onza**

O espazo marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

Punto	Denominación	X	Y
1	Punta Centolo (NE)	506.776	4.694.993
2	Baixos dos Camoucos (E)	507.742	4.693.313
3	Baixos Laxiña de Galeira (SE)	506.129	4.687.525
4	Baixo Menguella (S)	503.943	4.685.855
5	Baixo Cabeza do Rico (O)	503.233	4.691.413
6	Baixos de Bastián de Val (NO)	505.124	4.695.307

, que rodea as illas de Ons e Onza e illotes adxacentes. Dito arquipélago está emprazado na entrada da ría de Pontevedra, termo municipal de Bueu, e comprende unha superficie de 2.171 hectáreas marítimas e 470 hectáreas terrestres.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

**c) Arquipélago das illas de Sálvora e illotes do seu contorno**

O espazo marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

Punto	Denominación	X	Y
1	Illas Sagres (NO)	494.676	4.707.294
2	Este do Seixo de Vionta (E)	501.485	4.705.900
3	S Punta de Besugueiros (S)	499.430	4.698.782

, que arrodea á illa de Sálvora e illotes adxacentes. Dito arquipélago está emprazado na parte occidental da ría de Arousa, termo municipal de Ribeira, e comprende unha superficie de 2.309 hectáreas marítimas e 248 hectáreas terrestres.

**d) Illa de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas**

O espazo marítimo-terrestre configurado pola liña de abalo máxima viva equinoccial entre os vértices 1 e 2, e a poligonal recta entre os restantes vértices:

Punto	X	Y
1	518.052	4.719.352
2	517.320	4.718.260
3	517.311	4.717.825
4	517.212	4.717.749
5	516.207	4.717.513
6	516.018	4.718.283
7	517.650	4.719.051

, que rodea e inclúe a illa de Cortegada, Malveira Grande, Malveira Chica, Briñas e Illote do Con. Dito conxunto está emprazado na ría de Arousa, no termo municipal do concello de Vilagarcía de Arousa, e comprende unha superficie de 149,6 hectáreas marítimas e 43,8 hectáreas terrestres.

**2.2.2. Natureza e vixencia do PRUX**

---

a) Parte da superficie do PNMTIAG está incluída en tres Lugares de Interese Comunitario (LIC) e dúas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) que forman parte da rede Natura 2000. En concreto, o arquipélago de Sálvora está incluído no LIC ES1110006 ("Complexo húmido de Corrubedo"), o de Ons no LIC ES1140004 ("Complexo Ons-O Grove") e a ZEPA ES0000254 ("Illa de Ons"), e o de Cíes no LIC ES0000001 ("Arquipélago de Cíes") e a ZEPA ES0000001 ("Illas Cíes"). Segundo o Decreto 72/2004, de 2 de abril, estes cinco espazos inclúense na rede galega de espazos protexidos coa figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), prevalecendo sobre esta o réxime de protección específico de Parque Nacional.

b) O presente Plan ten unha vixencia de seis anos a contar desde o momento da súa aprobación. Non obstante, a súa aplicación prolongarase até o momento da aprobación dun novo Plan que o substitúa.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

### **2.2.3. Revisión do PRUX**

---

Fóra do prazo previsto, a revisión do PRUX será obrigada cando concurra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que se produza unha alteración dos límites do Parque, circunstancia que deberá ser declarada por Lei, previo informe do Director-Conservador.
- b) Que o Parque resulte afectado por outros instrumentos de planificación de rango superior ao PRUX que incidan sobre a normativa establecida neste.
- c) Cando, por cambios notables da poboación, afluencia de público, estado das especies catalogadas ou calquera outra circunstancia similar, sexa necesario arbitrar medidas que supoñan algunha das circunstancias seguintes:
  - A modificación da zonificación do Parque nunha superficie superior ao 10% do mesmo.
  - A modificación da normativa da Zona de Reserva.
- d) Calquera circunstancia sobrevida non contemplada nos puntos anteriores que, a xuízo do Director-Conservador, faga desexable a modificación do Plan para lograr os obxectivos de conservación do Parque.

O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, previo informe do Director-Conservador, poderá dictar Normas de Desenvolvemento dos contidos deste PRUX que, sen ser contrarias ás determinacións do mesmo, complementen e desenvolvan aqueles aspectos nos que a práctica da xestión do Parque demostrara unha regulación insuficiente.

## **2.3. Obxectivos e directrices do PRUX**

---

A realización do presente Plan Reitor de Uso e Xestión enmárcase dentro da necesidade de dispoñer dun dos instrumentos de planificación establecidos no Plan Director da Rede de Parques Nacionais como paso previo ás actuacións a desenvolver no PNMTIAG, e cuxas medidas son vinculantes para a xestión do mesmo. Así mesmo, queda recollido tamén na Lei 15/2002, de declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

### **2.3.1. Obxectivos xerais**

---

A finalidade do Plan Reitor de Uso e Xestión que é establecer os criterios de xestión e definir as actuacións no PNMTIAG durante o seu período de vixencia, dentro do marco de xestión establecido pola Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e asegurando a súa coherencia co Plan Director, instrumento básico de ordenación da Rede de Parques Nacionais.

De acordo con esta finalidade, no PNMTIAG establécense os seguintes obxectivos:

#### **1. En materia de conservación da biodiversidade**

- a) Avanzar no coñecemento da biodiversidade e a súa distribución espacial, particularmente no que respecta aos hábitats, especies e grupos taxonómicos dos que se dispón de menos información, e con especial atención ao medio mariño.
- b) Avanzar na determinación do estado de conservación de, polo menos, os principais valores naturais.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

- c) Desenvolver as actuacións de xestión tendentes a garantir o estado de conservación favorable das poboacións animais e vexetais autóctonas e dos seus hábitats, en particular as que se encontren nun estado de conservación menos favorable.
- d) Controlar e cando sexa posible erradicar as especies introducidas, restaurando posteriormente os hábitats e as poboacións afectadas por elas. Darase prioridade ao control das especies invasoras que máis afecten aos valores naturais.
- e) Asegurar a compatibilidade das actividades humanas, especialmente a pesca, o marisqueo e os usos recreativos, coa conservación dos valores naturais.
- f) Coñecer a tendencia a longo prazo do estado de conservación dos principais valores naturais.

## **2. En materia de conservación do patrimonio cultural**

- a) Completar a catalogación dos restos arqueolóxicos terrestres e mariños.
- b) Desenvolver as actuacións de xestión necesarias para garantir a conservación do patrimonio arqueolóxico e etnográfico.
- c) Promover accións para a recuperación da arquitectura típica das edificacións.

## **3. En materia de conservación da paisaxe**

- a) Promover medidas correctoras que minimicen as afeccións paisaxísticas que sofre o Parque Nacional.

## **4. En materia de conservación dos recursos hídricos**

- a) Avaliar a dispoñibilidade dos recursos hídricos e monitorizar as súas variacións temporais.
- b) Avaliar o consumo humano dos recursos hídricos.
- c) Promover a mellora da calidade dos recursos hídricos do Parque Nacional.
- d) Promover o aforro de auga.

## **5. En materia de contaminación, xestión de residuos e de eficiencia enerxética**

- a) Promover a implantación de fontes de enerxía renovables.
- b) Promover a redución do consumo enerxético.
- c) Reducir a contaminación lumínica.
- d) Desenvolver un plan de xestión de residuos na illa de Ons.
- e) Adecuar as instalacións do Parque Nacional á lexislación vixente sobre residuos, promovendo a recollida selectiva.

## **6. En materia de aproveitamentos e usos tradicionais**

- a) Desenvolver e aplicar un plan sectorial de xestión integral dos recursos pesqueiros e marisqueiros, en colaboración coa Consellería do Mar.
- b) Fomentar a creación de zonas de reserva mariñas en colaboración coas confrarías de pescadores e a Consellería do Mar.
- c) Incrementar o volume e a precisión dos datos relativos á actividade pesqueira e marisqueira que se desenvolve no interior do Parque Nacional.

## **7. En materia de investigación**

- a) Promover a investigación, impulsando o papel do Parque Nacional como un espazo ao servizo da xeración de coñecemento, garantindo que a actividade investigadora se desenvolva de forma compatible coa conservación dos seus valores.
- b) Mellorar o acceso ás fontes documentais de utilidade para a xestión do Parque Nacional.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

c) Divulgar nos foros adecuados os resultados das investigacións levadas a cabo.

**8. En materia de uso público**

- a) Desenvolver e aplicar un plan sectorial de uso público.
- b) Regular e ordenar as visitas en función da capacidade de carga de cada un dos arquipélagos do Parque Nacional.
- c) Mellorar a calidade e a oferta dos servizos básicos de uso público en todos os arquipélagos, en especial os referentes á atención ao visitante e a interpretación do patrimonio.
- d) Consolidar e mellorar a calidade dos programas de educación ambiental.

**9. En materia de relacións coa poboación local**

- a) Integrar á poboación asentada no Parque Nacional na filosofía e dinámica de xestión do mesmo, promovendo a comprensión da necesidade de protección de todos os seus valores.
- b) Promover o desenvolvemento de actividades sostibles e innovadoras, baseadas na conservación dos valores naturais e culturais do Parque Nacional, que poidan chegar a mellorar a calidade de vida da poboación asentada no mesmo.

**10. En materia de relacións co contorno e difusión**

- a) Impulsar o papel do Parque Nacional como promotor do desenvolvemento sostible na área de influencia socioeconómica do mesmo.
- b) Fomentar entre a poboación do contorno socioeconómico e os distintos axentes sociais a percepción positiva do Parque Nacional.
- c) Reorientar a percepción de visitantes e empresas/oficinas de turismo do Parque Nacional, en aras de lograr un turismo concienciado coa sustentabilidade do medio.

**11. En materia de infraestruturas**

- a) Incrementar e mellorar as infraestruturas de interpretación e información.
- b) Avanzar na adaptación das infraestruturas ás necesidades das persoas con diversidade funcional.

**12. En materia de seguimento e avaliación**

- a) Implantar un programa de seguimento a longo prazo dos valores ambientais e o seu estado de conservación, dos procesos naturais e das actividades humanas, que permita orientar a xestión e a toma de decisións.
- b) O programa de seguimento contará cun sistema informático acorde coas necesidades do Parque Nacional, que facilite tanto a incorporación progresiva da información que se xere, como a utilización dinámica da mesma na toma de decisións de xestión e manexo.
- c) Implantar un sistema de seguimento viable, sistemático e sinxelo, do grao de aplicación dos obxectivos establecidos no presente PRUX.
- d) Avaliar permanentemente a eficacia das medidas desenvolvidas en cada un dos programas e actividades.

**13. En materia de organización administrativa e participación cidadá**

- a) Axustar a dotación de persoal ás necesidades de xestión.
- b) Reforzar os mecanismos de coordinación e cooperación das distintas administracións con competencia ou vinculación sobre o Parque Nacional.
- c) Optimizar a xestión a través da innovación metodolóxica e tecnolóxica.
- d) Reforzar a participación a través de redes de voluntariado.

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

#### **2.3.2. Directrices de xestión**

---

Paralelamente aos criterios que guían a planificación da Rede de Parques Nacionais establecidos no Plan Director, no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia atenderase ás directrices xerais de xestión que se especifican a continuación.

##### **Criterios xerais:**

- a) As necesidades de conservación condicionarán calquera actividade que se desenvolva no ámbito de aplicación do PRUX.
- b) Calquera plan, proxecto ou actividade que poida ter efectos ambientais significativos dentro do ámbito de aplicación do PRUX, deberá ser sometido a unha avaliación da súa incidencia sobre os valores naturais e, en todo caso, a unha análise de alternativas.
- c) As decisións tomaranse de acordo coa mellor información dispoñible en cada momento e sobre a base da análise de alternativas adecuadamente avaliadas; en todo caso estarán orientadas polo principio de precaución.
- d) A coordinación, cooperación administrativa, colaboración con propietarios de terreos e a participación pública serán principios inspiradores da xestión do Parque Nacional.
- e) O contido dos plans de actuación axustarase á capacidade de execución existente durante o período de vixencia do presente PRUX.
- f) Todo uso especial, entendido como calquera actividade na que concurra algunha das notas de intensidade, multiplicidade, rentabilidade, perigosidade, exclusividade ou outras análogas, requirirá de autorización administrativa do Director-Conservador para poder levarse a cabo.

##### **Para a conservación da biodiversidade:**

- a) Atenderase preferentemente aos ecosistemas, hábitats e especies que presenten un estado de conservación desfavorable.
- b) A xestión das especies ameazadas contemplará, cando existan, as determinacións xerais incluídas nos correspondentes plans de conservación e recuperación para o conxunto de Galicia, pero en todo caso terá en conta as necesidades específicas dos núcleos poboacións ou metapoboacións asentados no Parque Nacional.
- c) Nas actuacións de restauración de hábitats e recuperación de poboacións utilizarase, na medida do posible, ecotipos locais.
- d) En relación aos traballos de erradicación e control de especies invasoras:
  - Daranse prioridade a aquelas que afecten de forma máis importante aos valores do Parque Nacional.
  - Elexiranse métodos contrastados que minimicen os danos colaterais que se poidan producir e extremen a especificidade do control.
  - Serán sometidos a un período de ensaios e a unha análise de riscos, se fose necesario, antes da súa aplicación sistemática.
  - Os métodos de control serán aplicados, en caso de considerarse necesarios, de acordo a protocolos, axustados a obxectivos de conservación previamente establecidos.

##### **Para a conservación da paisaxe:**

- a) Actuarase prioritariamente sobre as infraestruturas que formen ou poidan chegar a formar parte activa da paisaxe, incorporando o criterio do mínimo impacto visual a todos os proxectos de actuación.

##### **Para a conservación dos recursos hídricos:**

- a) Velarase en todo momento para evitar a salinización de calquera acuífero por intrusión mariña cando se realicen obras para a obtención de recursos hídricos no Parque Nacional.
- b) Promoverase o emprego de dispositivos de aforro de auga nas instalacións do Parque Nacional e establecementos hosteleiros, así como o uso de deterxentes ecolóxicos e non contaminantes.

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

#### **Para a regulación de usos e aproveitamentos tradicionais:**

- a) Non se desenvolverán novos aproveitamentos dentro dos límites do Parque Nacional.
- b) Os aproveitamentos tradicionais desenvolveranse cunha intensidade, extensión e duración acordes coa conservación dos valores naturais.

#### **Para a investigación:**

- a) O Parque Nacional impulsará e apoiará a investigación no seu ámbito territorial sempre e cando esta supeditada á conservación dos seus valores.
- b) A investigación que se desenvolva constituirá un instrumento esencial para mellorar a xestión dos seus valores; para conseguilo promoverase a comunicación entre os investigadores e o persoal do Parque. Os datos e a información xerada nas investigacións estarán en todo momento dispoñibles e accesibles.
- c) Promoveranse de forma prioritaria as investigacións a longo prazo e con carácter integrador, que contemplan distintos aspectos do coñecemento dos valores do Parque ou que se complementen con investigacións anteriores ou en curso.
- b) Os proxectos de investigación promovidos polo Parque Nacional orientaranse cara onde existan maiores carencias de información.

#### **Para o uso público:**

- a) Incorporarase o concepto de calidade en todos os servizos que se ofrezan no Parque Nacional, medible por criterios cuantitativos obxectivos.
- b) Para exercer de interpretador ou de informador turístico no Parque Nacional, dadas as súas especiais características e réxime xurídico, así como a alta calidade do espazo e as expectativas do visitante, esixírase unha acreditación de coñecementos ou de experiencia suficiente e demostrable, que garanta a calidade do servizo ofertado.
- c) Facilitarase o gozo público baseado nos valores do Parque, facéndoo compatible coa súa conservación. Darase prioridade e se fomentarán as actividades de paseo e contemplación, procurando que o visitante viva unha experiencia o máis profunda e positiva posible.
- d) A intensidade de uso público adecuarase á capacidade de acollida, tanto espacial como temporal.
- e) Crearanse e manteranse as instalacións e servizos básicos de uso público necesarios para garantir unha visita de calidade adecuada á condición de Parque Nacional. Estes guíaranse por criterios de accesibilidade para todas as persoas, funcionalidade e sostenibilidade ambiental.

#### **Para as relacións co contorno e difusión:**

- a) Os programas de sensibilización desenvolveranse prioritariamente con aqueles colectivos máis vinculados co Parque Nacional.

#### **Para o seguimento e a avaliación:**

- a) O seguimento concederá especial atención a:
  - As especies, hábitats, procesos naturais e antropoxénicos (incluídos as modificacións e cambios operados nas actitudes dos visitantes), e, en xeral, aos valores que sexan máis representativos do Parque, que teñan un papel clave, que presenten un estado de conservación máis desfavorable ou que estean a ser manexados.
  - A obtención de series longas no tempo.
  - Os indicadores máis sensibles aos cambios.
  - A validez científica na elección de indicadores e os seus protocolos de medida.
  - A utilidade para a xestión.
  - O acceso aos datos e a dispoñibilidade da información.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

- b) Utilizaranse indicadores facilmente medibles, a través dos cales se poida definir cuantitativamente a situación do Parque ao inicio e ao final do período de vixencia do PRUX.
- c) O grao de cumprimento dos obxectivos do PRUX avaliarase a través da confección de memorias anuais.

**Para a organización administrativa e a participación cidadá:**

- a) Buscarase o máximo rendimento e transparencia na xestión, baseado no esforzo compartido entre as diferentes Administracións con competencias ou vinculación ao espazo.
- b) Fomentarase a formación dos profesionais do Parque Nacional nos seus campos respectivos.
- c) Promoverase a participación en foros de debate dos sectores vinculados ao Parque Nacional.

---

## **2.4. Concesións e autorizacións**

---

1. O Director-Conservador do Parque Nacional poderá establecer a conveniencia de que determinadas actividades se realicen a través de empresas de servizos debidamente autorizadas.

A prestación de dítos servizos poderá realizarse mediante concesión administrativa outorgada pola Consellería competente e o Director-Conservador do Parque Nacional.

2. As concesións e autorizacións para o desenvolvemento de servizos complementarios non gratuítos, deberán ter en conta aos titulares dos dereitos afectados así como a outras Administracións competentes, en particular ás Administracións locais implicadas. A Administración do Parque se reservará sempre o control da calidade, a determinación dos tipos de servizos e produtos ofrecidos, e a aprobación dos seus prezos. Estes últimos deberán ser razoablemente comparables aos que se encontren no exterior do Parque para servizos e produtos similares.

3. Establecerase un control da calidade das concesións.

4. As infraestruturas e instalacións alleas á xestión e investigación do Parque existentes en virtude de autorización administrativa, concesión, ocupación ou calquera outro título de dereito, poderán manterse até a expiración do seu período de vixencia. Finalizado este, procederase á súa eliminación ou á revisión das condicións da súa autorización, co obxecto de garantir a súa compatibilidade cos obxectivos do Parque. En caso de impactos ambientais negativos significativos non se autorizará a renovación. A Administración do Parque poderá, en casos xustificadas, establecer medidas correctoras para minimizar os impactos existentes, incluída a eliminación da instalación, antes da finalización do correspondente título administrativo.

5. Con independencia dos requisitos que con carácter xeral se establezan na normativa sectorial de aplicación, o Parque Nacional valorará as seguintes condicións de servizo e cualificación aos concesionarios:

- a) A oportuna uniformidade e identificación dos traballadores de concesionarios.
- b) A cualificación ambiental das empresas na adxudicación das concesións.

6. O transporte colectivo de visitantes realizarase mediante autorización do Director-Conservador do Parque Nacional. Enténdese por visitante en transporte colectivo a aquelas persoas que acceden ao Parque Nacional mediante o abono dun billete de transporte en embarcacións debidamente autorizadas, e realizan o transporte ao mesmo de forma diaria e cunhas frecuencias preestablecidas

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

durante a tempada alta. Ao non tratarse dun transporte regular entre dous portos, as empresas autorizadas serán as responsables dos seus clientes desde o inicio até o final da excursión.

No prego de cláusulas terase en conta, ademais doutros aspectos que considere o Director-Conservador do Parque, os seguintes puntos:

- a) A importancia que se lle dea á calidade da visita sobre outros aspectos, así como á accesibilidade, confortabilidade e sosteñibilidade da embarcación.
- b) A minimización do impacto ambiental da actividade autorizada.
- c) O coñecemento da zona por parte dos/as contratistas.
- d) A programación da visita a desenvolver e a información a dar por parte da empresa, así como a versatilidade e variedade de opcións.
- e) A participación de guías acreditados nas actividades programadas.

7. O incumprimento das condicións establecidas na autorización poden dar orixe á anulación da mesma.

## **3. Bases Xurídico-Normativas e de Regulación de Actividades**

### **3.1. Zonificación**

De acordo co anexo do Real Decreto 1803/1999, de 26 de novembro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais, e cuxas definicións son aplicables a cada unha destas áreas, establécense as seguintes zonas, que quedan amplamente descritas e reflectidas cartográficamente nos Anexos I e II.

#### **3.1.2. Zona de Reserva**

Ten como obxectivo garantir o máximo grao de protección a aquelas zonas que o requiren ou ás que, por determinadas razóns, non é posible autorizar ningún tipo de uso público.

Engloba áreas que conteñen valores naturais de primeira magnitude en canto á súa rareza, fragilidade, biodiversidade e interese científico, aquelas outras que acollen procesos de rexeneración ou de estudo de recursos naturais, e as que poden calificarse como perigosas para o uso público.

Estas zonas estarán suxeitas a revisión en base aos resultados de futuros estudos que amplíen o coñecemento existente, en especial no referente aos fondos mariños.

Nesta zona inclúense os seguintes valores do Parque:

##### Medio terrestre

- Illotes próximos ás illas principais de cada un dos arquipélagos. Neles encóntranse áreas de cría de paíño pequeno, corvo mariño cristado, gaivota patiamarela ou gaivota escura, e zonas de refuxio de londra.
- Acanilados. Os diferentes tipos de vexetación que os cobren son hábitats de interese comunitario (Códigos Directiva 92/43/CEE 1230, 4040\*, 4030, 4090, 8220, 8230), e acollen a maior parte das colonias de cría de pardela cincenta, corvo mariño cristado e gaivota patiamarela. Dentro dos acanilados inclúense as furnas (Código 8330), utilizadas como lugares de cría ou refuxio por aves como a choia, e mamíferos como os morcegos e a londra.
- Ecosistemas dunares. Acollen hábitats de interese comunitario (Códigos 2110, 2120, 2130\*, 2230, 2260), poboacións de especies de flora vascular ameazada (*Linaria arenaria*, *Alyssum loiseleurii* subsp. *gallaecicum*, *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*) ou con alto interese de conservación (*Armeria pungens*, *Corema album*), e zonas de cría de píldora das dunas, ao mesmo tempo que proporcionan refuxio e zonas de alimentación a réptiles como o escáncer de patas ibérico.
- Formacións arbóreas húmidas de salgueiro e amieiro (Código 91E0\*). Constitúen un hábitat favorable para anfibios, para a cobra viperina, a londra e morcegos.
- Formacións de vexetación arbórea autóctona, constituídas por cerquiño (Código 9230), loureiro, sabugueiro e estripeiro.

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

- Vexetación de zonas húmidas: marismas, xunqueiras, lagoas e zonas encharcadas temporal ou permanentemente (Códigos 1330, 1420, 3150, 6420, 7210).
- Núcleos poboacionais de especies de flora vascular catalogada, endémica ou ameazada (*Rumex rupestris*, *Cytisus insularis*, *Erodium maritimum*).
- Áreas de distribución de anfibios (sapo pinto, tritón común, salamántiga común) e réptiles (cobra viperina).
- Áreas de cría de aves mariñas (paíño pequeno, pardeña cincenta, corvo mariño cristado, gaivota patiamarela, gaivota escura) e terrestres (píldora das dunas, choia).
- Edificios en estado ruinoso, potencial refuxio de morcegos.
- Bens de interese cultural (xacementos arqueolóxicos, bens inmobles).

#### **Medio mariño**

- Zonas de fanerógamas mariñas (*Zostera marina* e *Zostera noltii*), hábitat de interese comunitario (en Código 1110).
- Zonas de bosques de gorgonias (*Leptogorgia* spp., *Eunicella verrucosa*) con comunidades asociadas (en Código 1170).
- Zonas con fondos de maërl (*Phymatolithon calcareum* e *Lithothamnium coralloides*) con/sen fondos mixtos (en Código 1110).
- Zonas con alta diversidade de fauna sésil sobre paredes e zonas intermareais rochosas con rica diversidade de horizontes algais continuos (en Código 1170).
- Zonas de bosques de grandes algas pardas (Laminariais) no infralitoral de tramos costeiros expostos e semiexpostos (en Código 1170).
- Zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural.

#### **Listado de zonas de reserva de ámbito terrestre:**

##### **1) Arquipélago de Cíes**

Inclúe todos os illotes existentes no contorno do arquipélago, tanto aqueles que reciben unha denominación concreta (Boeiro ou Agoeiro, Penela dos Viños, A Negra, A Meda) como os que non.

###### **a) Illa de San Martiño**

Abarca toda a superficie insular, excepto a praia de San Martiño, as instalacións dependentes do Parque emprazadas ao norte da praia, o peirao, o faro e o camiño que une estas dúas últimas infraestruturas. Inclúense as edificacións particulares que se asentán sobre unha área de vexetación dunar emprazada no extremo sur da praia.

###### **b) Illa do Faro**

Nesta illa a zona de reserva abarca, ademais dos illotes que a circundan, a área de acantilados, as superficies dunares e as cubertas por vexetación de zonas húmidas.

###### **c) Illa de Monte Agudo**

A zona de reserva está constituída polos illotes, os acantilados, o complexo dunar de Muxieiro e unha masa forestal de cerquiños situada ao norte da praia de Figueiras.

##### **2) Arquipélago de Ons**

Todos os illotes existentes no contorno do arquipélago quedan incluídos dentro da zona de reserva.

###### **a) Illa de Onza**

Toda a superficie da illa se inclúe dentro da zona de reserva.

###### **b) Illa de Ons**

A zona de reserva dispónse formando un cinturón que abarca a maior parte do perímetro insular e un conxunto de pequenas unidades illadas, tanto no bordo costeiro como no interior da illa.

##### **3) Arquipélago de Sálvora**

A zona de reserva inclúe todos os illotes e illas menores (Vionta, Sagres de Fóra, Sagres de Terra, Noro, Herbosa) deste arquipélago.

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

Tamén abarca casi toda a superficie da illa de Sálvora, a excepción das áreas que se especifican nas restantes zonas.

#### 4) Arquipélago de Cortegada

A zona de reserva abarca toda a superficie terrestre do arquipélago, agás as áreas da illa principal cubertas por eucaliptos e coníferas introducidas.

#### **Listado de zonas de reserva de ámbito mariño:**

Establécense un total de 9 zonas de reserva mariña, con representación en todos os arquipélagos do Parque excepto no de Cortegada (consultar Anexo I descrición de límites e Anexo II Cartografía).

---

#### 1) Arquipélago de Cíes

a) Contorno do illote Agoeiro, b) contorno de Cabo Bicos, c) Lago dos Nenos, d) desagüe do Lago dos Nenos, d) de Punta Monteagudo a Pedras Cantareiras; excepto unha franxa de 10 m de ancho desde a liña de costa.

#### 2) Arquipélago de Ons

a) Contorno Puntal da Porta (illa de Ons) a Punta Dente do Can e Punta Cociñadoiro (illa de Onza), b) Punta do Centolo (límite Norte) a faro dos Camoucos e Punta Melide (límite Sur); excepto unha franxa de 10 m de ancho desde a liña de costa.

#### 3) Arquipélago de Sálvora

a) Cara suroeste do illote Cabeceiro Grande, b) franxa de 100 m de ancho desde a liña de costa entre Punta da Volta e Volta de Roque (cara oeste da illa de Sálvora); excepto unha franxa de 10 m de ancho desde a liña de costa.

### **3.1.3. Zona de Uso Restringido**

---

A súa finalidade é garantir a conservación íntegra dos recursos e valores que inclúe, ao mesmo tempo que se proporcionan oportunidades para a realización de certas actividades de reducido ou restrinxido impacto. Por tanto, pode soportar un certo nivel de uso público e aproveitamento. Nestas zonas búscase ademais a recuperación de bancos pesqueiros.

Abarca áreas que, aínda que poideran sufrir un certo grao de intervención humana, manteñen os seus valores naturais en bo estado ou se encontran en fase de rexeneración. Así, os mananciais transformados polo home para distintos tipos de aproveitamento (fontes, lavadeiros) inclúense nesta zona, xa que conservan a súa capacidade para servir de hábitat a especies como o tritón común, o sapo pinto ou a cobra viperina. As restantes áreas incluídas nesta zona son, por exclusión, as que non están contidas en ningunha das restantes categorías contempladas nesta zonificación.

Nas zonas de uso restrinxido existe vexetación de interese de conservación, como superficies de matogueiras esclerófilas (2260), secas (4030) e húmidas (4020\*), que forman parte do hábitat da salamántiga ou son lugares de alimentación de morcegos.

Nas zonas de uso restrinxido mariñas localízanse importantes representacións de bosques de gorgonias (*Leptogorgia* spp., *Eunicella verrucosa*) con comunidades asociadas (en Código 1170), e fondos de maérl (*Phymatolithon calcareum* e *Lithothamnium corallioides*) con/sen fondos mixtos (en Código 1110), que deben ser mantidos nun estado de conservación favorable.

#### **Listado de zonas de uso restrinxido de ámbito terrestre:**

#### 1) Arquipélago de Cíes

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

A zona de uso restrinxido ocupa boa parte da cara oriental das illas do Faro e de Monte Agudo.

#### **2) Arquipélago de Ons**

##### **a) Illa de Ons**

A zona de uso restrinxido ocupa a maior parte da superficie interior desta illa. Está formada por dúas áreas principais e por un conxunto de pequenas áreas englobadas nas zonas de reserva ou de asentamentos tradicionais.

#### **3) Arquipélago de Sálvora**

A zona de uso restrinxido inclúe os camiños que comunican o peirao co faro e co antigo poboado. Tamén abarca as edificacións do poboado e a súa área de influencia inmediata e o miradoiro de Milreu.

#### **4) Arquipélago de Cortegada**

Comprende o camiño perimetral, o camiño que cruza a illa de norte a sur pola zona central, e a área abarcada por vexetación arbórea de frondosas e coníferas introducidas, xunto con dúas pequenas áreas de vexetación de matogueira englobadas nas masas de coníferas.

#### **Listado de zonas de uso restrinxido de ámbito mariño:**

Establécense os seguintes tipos de zonas:

##### **- Zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural:**

Son zonas que posúen a maior riqueza patrimonial de todas as illas, con restos de naufraxios, restos anfóricos, algunha peza de artillería e áncoras líticas asociadas aos antigos fondeadeiros de estruturas romanas.

##### **- Zonas de mergullo.**

##### **- Zonas de rexeneración.**

Son zonas cuxa delimitación ten por obxecto permitir a rexeneración das comunidades asociadas a substratos rochosos do Parque. A súa delimitación será consensuada co sector e as consellerías implicadas.

##### **- Zonas de Pesca e Marisqueo.**

Son sectores nos que, pola súa relevancia para a conservación, é necesario introducir limitacións ao uso dunha serie de artes de pesca e marisqueo. Estas zonas correspóndense coas áreas de alimentación do corvo mariño cristado, especie que se encontra nun estado de conservación desfavorable no Parque; e cos fondos de maél e fondos de corais brandos e gorgonias, sensibles á utilización de artes de pesca e marisqueo que interaccionen significativamente co substrato.

#### **1) Arquipélago de Cíes**

##### **a) Zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural:**

Cóñécense polo menos 3 localizacións con restos.

##### **b) Zonas de mergullo:**

Illote de Viños, Faro do Peito ou de Monteagudo, Punta Canabal, Punta Pau da Bandeira; parcialmente (franja de 100 m) Cala do Príncipe, Pedra As Negras (Punta Cabalo) e enseada da Concela.

##### **c) Zonas de rexeneración:**

A súa delimitación será consensuada co sector e as consellerías implicadas.

##### **d) Zonas de Pesca e Marisqueo:**

Comprende unha franxa perimetral de 100 m de ancho ao redor do conxunto de illas e illotes do arquipélago; unha área localizada entre as illas do Faro e de San Martiño, no contorno do Freu da Porta, principal zona de alimentación do corvo mariño cristado en época de reprodución; e catro áreas de fondos de maél, localizadas na cara leste do arquipélago, entre Punta Muxieiro e Cabo dos Bicos (consultar Anexos I e II).

#### **2) Arquipélago de Ons:**

##### **a) Zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural:**

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

Cofécense polo menos 2 localizacións con restos.

b) Zonas de mergullo:

Boca da enseada de Fedorento; parcialmente Punta Centolo e Inferniño.

c) Zonas de rexeneración:

A súa delimitación será consensuada co sector e as Consellerías implicadas

d) Zonas de Pesca e Marisqueo:

Comprende unha franxa perimetral de 100 m de ancho ao redor do conxunto de illas e illotes do arquipélago; dúas zonas localizadas na cara leste da illa de Onza e no contorno do Faro dos Camoucos, principais zonas de alimentación do corvo mariño cristado en época de reprodución; e tres áreas de fondos de maërl localizadas na cara leste da illa de Ons, entre as puntas da Figueira Brava e do Centolo (consultar Anexos I e II).

#### **3) Arquipélago de Sálvora**

a) Zonas de rexeneración:

A súa delimitación será consensuada co sector e as consellerías implicadas.

b) Zonas de Pesca e Marisqueo:

Comprende unha franxa perimetral de 100 m de ancho ao redor do conxunto de illas e illotes do arquipélago; tres áreas de fondos de maërl e dúas áreas de fondos de corais brandos e gorgonias, localizadas na cara leste da illa de Sálvora e no contorno da illa Herbosa; e unha superficie localizada ao oeste do arquipélago de Sagres, principal zona de alimentación do corvo mariño cristado en época de reprodución (consultar Anexos I e II).

#### **4) Arquipélago de Cortegada**

a) Zonas de Pesca e Marisqueo:

Unha franxa costeira de 100 m de ancho ao redor das illas e illotes do arquipélago.

### **3.1.4. Zona de Uso Moderado**

---

Está constituída por áreas dominadas por un ambiente natural, cuxa finalidade é integrar a conservación co uso público e o aproveitamento dos recursos. Permitirase exclusivamente a construción de servizos para o uso público, áreas recreativas, zonas de acampada, bancos, elementos interpretativos e outras construcións menores destinadas ao uso público ou a albergar instrumentación científica ou de manexo do medio.

#### **Listado de zonas de uso moderado de ámbito terrestre:**

Abarca as praias non incluídas na zona de reserva e as zonas habilitadas para a práctica do campismo nas illas Cíes e Ons.

##### **1) Arquipélago de Cíes**

a) Illa de San Martiño

A praia de San Martiño.

b) Illa do Faro

As praias de Rodas, Nosa Señora e a superficie do camping.

c) Illa de Monte Agudo

As praias de Figueiras, Area da Cantareira (praia das Margaritas) e dous pequenos areais situados entre o extremo setentrional da praia de Rodas e Punta Muxieiro.

##### **2) Arquipélago de Ons**

a) Illa de Ons

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

As praias de Melide, das Dornas, de Area dos Cans, de Canexol e de Pereiró.

3) Arquipélago de Sálvora

A praia do Almacén.

4) Arquipélago de Cortegada

A liña de costa comprendida entre Punta do Balouredo e a punta situada ao leste do embarcadero, de coordenadas 517856/4718337 (Sistema ED 1950 utm 29N).

**Listado de zonas de uso moderado de ámbito mariño:**

Comprenden o resto das áreas non enmarcadas en zonas de reserva ou de uso restrinxido. As zonas de uso moderado para cada arquipélago se subdividen á súa vez en: a) zonas de marisqueo, b) zonas de pesca profesional de artes menores, c) zonas de fondeo diúrno, d) zonas intermareais de praias, e) zonas de mergullo, e f) zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural; quedando delimitadas da seguinte maneira:

1) Arquipélago de Cíes

a) Zonas de marisqueo:

Aquelas zonas recoñecidas oficialmente como bancos marisqueiros.

b) Zonas de pesca profesional de artes menores:

Toda a franxa costeira de uso moderado desde unha distancia de 100 m medida desde a liña de base do intermareal ou infraestruturas costeiras.

c) Zonas de fondeo diúrno e canles de acceso:

Praia das Rodas, Praia de Nosa Señora e Praia de San Martiño.

d) Zonas intermareais de praias:

Praia das Rodas, Praia de Figueiras, Praia das Margaritas, Praia de Nosa Señora, Praia dos Viños e Praia de San Martiño.

e) Zonas de mergullo:

O Muíño, Baixo Cruz de Almera, Pedra Os Gabotos, Baixo O Ruso, Baixo Lago, Monte Agudo, Baixo dos Cegos, Baixo a Roncosa, Baixos os Forcados I e II; parcialmente, Cala do Príncipe, Pedra As Negras (Punta Cabalo) e enseada da Concela.

f) Zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural:

Coiñécense polo menos 8 localizacións con restos.

2) Arquipélago de Ons

a) Zonas de marisqueo:

Aquelas zonas recoñecidas oficialmente como bancos marisqueiros.

b) Zonas de pesca profesional de artes menores:

Toda a franxa costeira de uso moderado desde unha distancia de 100 m medida desde a liña de base do intermareal ou infraestruturas costeiras.

c) Zonas de fondeo diúrno e canles de acceso:

Zona de Dornas-Castelo e Praia de Melide.

d) Zonas intermareais de praias:

Praia de Pereiró, Praia das Dornas, Praia dos Cans e Praia de Melide.

e) Zonas de mergullo:

Baixo do Faro, A Pociña; parcialmente Punta Centolo e Inferniño.

f) Zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural

Coiñécense polo menos 1 localización con restos.

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

#### 3) Arquipélago de Sálvora

a) Zonas de marisqueo:

Aquelas zonas recoñecidas oficialmente como bancos marisqueiros.

b) Zonas de pesca profesional de artes menores:

Toda a franxa costeira de uso moderado desde unha distancia de 100 m medida desde a liña de base do intermareal ou infraestruturas costeiras.

c) Zonas de fondeo diúrno:

Praia do Castelo ou Praia do Almacén.

d) Zonas intermareais de praias:

Praia do Almacén.

e) Zonas de mergullo:

Pedra Touza Pirula, Punta do Castillo, Baixo Sur de Sagres e Baixo Tangona de Terra.

#### 4) Arquipélago de Cortegada

a) Zonas de marisqueo:

Aquelas zonas recoñecidas oficialmente como bancos marisqueiros.

b) Zonas de pesca profesional de artes menores:

Toda a franxa costeira de uso moderado desde unha distancia de 100 m medida desde a liña de base do intermareal ou infraestruturas costeiras.

c) Zonas de fondeo diúrno:

Zona do peirao.

d) Zonas intermareais de praias:

Todo o perímetro do arquipélago excepto o das illas Malveiras.

e) Zonas de mergullo:

Todo o perímetro do arquipélago.

### **3.1.5. Zona de Uso Especial**

---

Está constituída por áreas de reducida extensión nas que se emprazan as construcións e instalacións maiores cuxa localización no interior do Parque se considera necesaria. Tamén alberga, con criterios de mínimo impacto e de concentración de servizos, instalacións que é necesario establecer para o uso público e para as actividades de xestión e administración do Parque e doutras entidades da Administración. Inclúe tamén as instalacións preexistentes que é necesario manter, así como aquelas outras que albergan servizos de interese xeral conformes coa finalidade do Parque.

Nesta zona inclúense as instalacións de xestión, administración, e uso público dependentes do Parque e doutras entidades da administración pública. Entre elas encóntranse peiraos, faros, heliportos, áreas de acampada, campamentos e campos de traballo, merendeiros, instalacións de xeración de enerxía, puntos limpos, vivendas dependentes do Parque, instalacións de uso público e de xestión, observatorios de aves, tramos dos camiños de acceso aos faros que discorren pola zona de reserva, e dos mananciais situados ao oeste do faro da illa de Sálvora.

#### **Listado de zonas de uso especial de ámbito terrestre:**

##### 1) Arquipélago de Cíes

a) Illa de San Martiño

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

Inclúe as instalacións do Parque situadas ao norte da praia de San Martiño, xunto co faro, o peirao e o camiño de unión entre ambos.

#### b) Illa do Faro

Acolle as vivendas destinadas ao persoal do Parque e investigadores e as dalgúns particulares, así como as instalacións de xeración de enerxía fotoeléctrica e o restaurante Serafín. Tamén se inclúe o observatorio de aves emprazado no Alto da Campá, así como unha vivenda de persoal, a edificación do convento de San Estevo e as ruínas do cárcere situadas ao nordeste da praia de Nosa Señora.

Esta zona tamén abarca o peirao de Carracido, o camiño que dá acceso ao faro da Porta e o propio faro, así como o faro da illa do Faro e o tramo do camiño que conduce até el atravesando a zona de reserva.

#### c) Illa de Monte Agudo

As instalacións do Parque incluídas son o Punto de Información emprazado na intersección dos camiños que proveñen do peirao de Rodas e do norte da illa, o observatorio de aves próximo ao faro de Monte Agudo e o merendeiro situado ao norte do Lago dos Nenos ao bordo do camiño que comunica coa illa do Faro.

Tamén están incluídas outras instalacións dependentes da administración pública como o faro de Monte Agudo, o peirao de Rodas e o campo de traballo; o restaurante "Playa de Rodas" é a única edificación xestionada por particulares incluída nesta zona.

### 2) Arquipélago de Ons

#### a) Illa de Ons

Inclúe o peirao, as instalacións do Parque existentes no núcleo de O Curro, o recinto e as edificacións do faro, o heliporto, o recinto e as instalacións da zona de acampada emprazada en Chan da Pólvora, a superficie do recinto do campamento xuvenil de O Pereiró e as instalacións que non están incluídas na zona de reserva, e o recinto do punto limpo localizado ao sur do campamento xuvenil.

### 3) Arquipélago de Sálvora

Abarca o peirao, o edificio que alberga as instalacións destinadas á xestión do Parque e á atención ao visitante, o recinto e as instalacións do faro, dous mananciais existentes ao oeste do mesmo, e o heliporto.

### 4) Arquipélago de Cortegada

Abarca as instalacións existentes na illa destinadas á xestión do Parque e á atención ao visitante, a área circundante delimitada polas coordenadas 517738/ 4718334, 517727/ 4718360, 517703/ 4718358, 517691/ 4718346, 517694/ 4718334, 517702/ 4718334, 517709/ 4718329, 517717/ 4718331 e 517708/ 4718314 (Sistema ED 1950 utm 29N), e o peirao.

### **3.1.6. Zona de Asentamentos Tradicionais**

---

Zona establecida pola existencia de núcleos de poboación dentro do Parque, coa finalidade de compatibilizar os obxectivos deste con un desenvolvemento urbano razoable e controlado, así como coa pervivencia dun estilo de vida tradicional. Acolle as infraestruturas relacionadas coa vida urbana, dándolles un tratamento unitario. Abarca os núcleos poboados e as áreas habitadas por poboación non dispersa, incluíndo as súas zonas de servizos e áreas de cultivo anexas.

As áreas de cultivos nas zonas de asentamentos tradicionais forman parte do hábitat de especies de interese de conservación como o sapo pinto, a choia ou os morcegos, dos que polo menos as dúas primeiras presentan un estado de conservación desfavorable. Os cultivos poden actuar como corredores de conexión entre diferentes puntos de auga, e do seu mantemento depende a conservación de parte dos valores naturais do Parque.

A área do Parque incluída dentro desta zona encóntrase na illa de Ons. Abarca a superficie edificada dos núcleos de poboación de Curro, Cucorno, Chan da Pólvora, O Cano, Canexol e O Pereiró, así como tres edificacións localizadas ao norte da praia de Melide (506281/4693522, Sistema ED 1950 utm 29N) e no camiño que une o núcleo de Cucorno coa zona de O Centolo (505876/4692983;

505872/4693156; Sistema ED 1950 utm 29N). Tamén inclúe as áreas de vexetación antrópica anexas aos núcleos poboados e ás construcións citadas.

## **3.2. Implicacións da zonificación sobre o réxime de usos**

Os posibles usos no Parque Nacional terán a consideración de Permitidos, Autorizables e Prohibidos en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a declaración do mesmo:

- a) Considérase uso permitido calquera actividade compatible cos obxectivos da declaración do Parque e que, por tanto, pode desenvolverse sen limitacións especiais, ben na totalidade do mesmo, ben nas áreas cuxa categoría de zonificación o autorice.
- b) Considérase uso autorizable aquel que, baixo determinadas condicións, pode ser tolerado polo medio natural sen un deterioro significativo ou irreversible dos seus valores.
- c) Considérase uso prohibido aquel que supoña un risco para o Parque ou calquera dos seus elementos ou características ou sexa manifestamente incompatible coa finalidade ou obxectivos do mesmo. Como no caso anterior, esta catalogación pode ser xenérica, afectando á totalidade do Parque, ou específica dalgunha categoría de zonificación, non sendo susceptibles de ser desenvolvidas na zona que reciban esta calificación.

### **Zona de Reserva**

---

#### **Usos permitidos**

1. As actividades de xestión do medio debidamente xustificadas, como o control de especies exóticas invasoras. Só se permitirán aqueles traballos considerados imprescindibles para a xestión do Parque.
2. A navegación de embarcacións de pesca e marisqueo profesional de camiño aos seus caladeiros e de embarcacións da lista 8ª.

#### **Usos autorizables**

1. O acceso motorizado só se é estritamente necesario para a realización de actividades de xestión e investigación debidamente xustificadas e autorizadas.
2. As instalacións de carácter científico ou para a xestión do medio, sempre que resulten imprescindibles, debendo ser mínimas e nunca permanentes.
3. O tránsito de percebeiros profesionais ás áreas de aproveitamento marisqueiro autorizadas, sempre a través de rutas definidas e recoñecidas polo Parque Nacional.
4. As actividades científicas que non vaian en detrimento dos valores naturais e culturais do Parque.

#### **Usos prohibidos**

1. Calquera actividade que non estea relacionada coa xestión ou a investigación. En especial calquera tipo de actividade pesqueira ou marisqueira, ou a navegación de buques de transporte de pasaxeiros nin a de calquera tipo de embarcación de recreo, incluíndo barcos de avistamento de cetáceos ou outros mamíferos mariños.
2. O acceso público.
3. Todos aqueles usos e actividades prohibidos pola normativa xeral do Parque.

# **Plan Reitor de Uso e Xestión**

## **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

### **Zona de Uso Restrinxido**

---

#### **Usos permitidos**

1. O acceso peatonal aos sendeiros abertos ao público.

Non se poderá abandonar o seu trazado. Considéranse adecuadas para esta zona as actividades excursionistas, recreativas e de educación e interpretación ambiental. Tamén as actividades de senderismo e outras afíns que non impliquen a utilización de vehículos a motor.

2. O mergullo recreativo nas zonas de interese arqueolóxico-histórico e cultural e de mergullo habilitadas para tal fin.
3. As inmersións en apnea nas zonas de mergullo habilitadas para tal fin.
4. A pesca e o marisqueo profesionais, pero suxeitas ás excepcións recollidas na epígrafe de usos autorizables e prohibidos deste mesmo apartado e na de Zona de Uso Moderado.
5. O tránsito de embarcacións de recreo nas zonas delimitadas para tal fin, sempre que naveguen a unha velocidade inferior a 4 nós.

#### **Usos autorizables**

1. As actividades de xestión do Parque, como o mantemento de camiños e cortalumes, ou a retirada de especies exóticas invasoras.
2. A investigación.
3. A instalación de barreiras, sinais, instrumentos e artefactos que obedezan ao control, orientación e seguridade dos visitantes ou que teñan finalidade científica ou de xestión.
4. O uso de rastros remolcados a máis de 15 m de profundidade nas áreas de distribución dos fondos de maerl e fondos de corais brandos e gorgonias.
5. A extracción de percebe nas áreas rodeadas de reserva mariña, previa solicitude de permiso de desembarco ao Parque Nacional. Na solicitude será necesario especificar as datas nas que se vai extraer o recurso, así como as embarcacións e persoas que van faenar. No illote Agoeiro e na zona de Punta Monteagudo a Pedras Cantareiras no arquipélago de Cíes, e entre Punta Melide e Punta Centolo no arquipélago de Ons, a extracción permitirase 2, 10 e 30 días ao ano respectivamente.
6. O aproveitamento de algas alóctonas. En todos os casos a extracción deberá supeditarse á existencia dun plan, que deberá ser remitido ao Parque Nacional para a súa revisión e potencial aprobación.
7. A extracción de cría de mexillón (mexilla).

#### **Usos prohibidos**

1. A construción de pistas, edificacións ou instalacións de fábrica de carácter permanente, a excepción das precisas para a investigación e para a xestión do Parque.
2. O tránsito de calquera tipo de embarcación de recreo fóra das zonas delimitadas para tal fin.
3. A pesca con artes de cerco e enmalle a menos de 100 m da franxa costeira, medida desde a liña de base do intermareal ou infraestruturas costeiras, ou a menos de 5 m de profundidade.
4. A pesca do bolo nas zonas de alimentación do corvo mariño cristado delimitadas.
5. O uso de trasmallos, miños, vetas e volantillas en horario diurno (entre 2 horas antes do orto e 2 horas despois do ocaso) nas zonas de alimentación de aves mariñas delimitadas.
6. A navegación de embarcacións de recreo a unha velocidade superior a 4 nós.
7. Todos aqueles usos e actividades prohibidos pola normativa xeral do Parque.

# **Plan Reitor de Uso e Xestión**

## **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

### **Zona de Uso Moderado**

---

#### **Usos permitidos**

1. As actividades de xestión do Parque.
2. O uso das praias, incluíndo o baño nas augas colindantes dentro da zona acotada para esta actividade.
3. A práctica do esnórquel nas zonas de baño e o mergullo en apnea sen emprego de chumbos. En caso de querer utilizalos, será necesaria a solicitude dun permiso.
4. A acampada nas áreas destinadas a tal fin.
5. A instalación de elementos interpretativos e outras instalacións menores destinadas ao uso público ou a albergar instrumentación científica ou de manexo do medio.
6. O marisqueo, suxeito ás excepcións recollidas noutras epígrafes do presente documento, e ás especificacións xerais relativas á lexislación vixente en materia de regulación do uso de artes e aparellos.
7. A pesca profesional con artes menores, suxeita ás excepcións recollidas noutras epígrafes do presente documento, e ás especificacións xerais relativas á lexislación vixente en materia de regulación do uso de artes e aparellos.
8. A navegación e o fondeo nas áreas habilitadas para tal fin, das embarcacións cuxo tránsito polas augas do Parque estea autorizado.
9. O mergullo recreativo previa autorización concedida pola Dirección do Parque Nacional, nas localizacións habilitadas para tal fin.

#### **Usos autorizables**

1. As obras de mantemento e/ou de modificación de todas as construcións e edificacións existentes. Ademais da tramitación urbanística ordinaria, as obras e construcións a realizar deberán adaptarse á normativa establecida no presente PRUX e ás especificacións técnicas que se dicten en materia de protección da paisaxe e dos valores naturais; en concreto deberase atender á presenza de especies de interese no Parque que atopen parte do seu hábitat neste tipo de medios.
2. O varamento de pequenas embarcacións auxiliares a remo, xa sexan de uso recreativo ou destinadas ao exercicio de actividades profesionais, sempre que non afecte de forma significativa a ningún dos valores do Parque.
3. A extracción de cría de mexillón (mexilla).
4. A investigación.

#### **Usos prohibidos**

1. A aproximación de embarcacións de recreo a menos de 100 m de cetáceos ou grupos de aves mariñas, así como o tránsito das mesmas a unha velocidade superior aos 4 nós
2. Todos aqueles usos prohibidos pola normativa xeral do Parque.

### **Zona de Uso Especial**

---

#### **Usos permitidos**

1. As actividades de xestión do Parque.
2. O acceso público, agás ás edificacións non destinadas a uso público.
3. O uso de vehículos restrinxirase aos servizos de vixilancia e xestión do Parque, aos servizos municipais, á Autoridade Portuaria para o mantemento das súas instalacións, aos servizos doutras Administracións que requiran a atención e reparación de instalacións existentes e aos que conten con autorización expresa do Parque Nacional.

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

#### **Usos autorizables**

1. As obras de mantemento e/ou de modificación de todas as construcións e edificacións existentes. Ademais da tramitación urbanística ordinaria, as obras e construcións a realizar deberán adaptarse á normativa establecida no presente PRUX e ás especificacións técnicas que se dicten en materia de protección da paisaxe e dos valores naturais; en concreto deberase atender á presenza de especies de interese no Parque que encontren parte do seu hábitat neste tipo de medios.
2. A investigación.

#### **Usos prohibidos**

1. A construción de calquera tipo de nova edificación allea ás propias instalacións do Parque Nacional.
2. Todos aqueles usos e actividades prohibidos pola normativa xeral do Parque.

### **Zona de Asentamentos tradicionais**

---

#### **Usos permitidos**

1. O acceso peatonal.

#### **Usos autorizables**

1. A agricultura e a ganadería tradicionais, sempre que non supoñan un prexuízo para a conservación dos valores naturais.
2. As obras de mantemento, ornato e adecuación á arquitectura tradicional das construcións e edificacións particulares existentes.
3. A construción e o mantemento de edificacións, servizos, vías, infraestruturas menores e outros elementos ligados exclusivamente ao uso público, aos aproveitamentos tradicionais, á investigación científica e á xestión.

#### **Usos prohibidos**

1. Todos aqueles usos e actividades prohibidos pola normativa xeral do Parque.

## **3.3. Normativa de protección**

---

Ao obxecto de asegurar o cumprimento dos obxectivos do Parque Nacional, establécese a seguinte normativa, en desenvolvemento do réxime sancionador de carácter xeral establecido na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

### **3.3.1. Para a biodiversidade do Parque Nacional**

---

Agás os casos xustificadas por motivos de xestión, investigación ou seguimento debidamente autorizados polo Director-Conservador do Parque, considéranse actividades incompatibles coa conservación da biodiversidade do Parque Nacional, e polo tanto non permitidas, as seguintes:

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

1. A recolección ou extracción de exemplares e materiais naturais, vivos ou mortos, xa sexa de animais, vexetais ou minerais, así como os seus propágulos, restos ou partes, excepto a asociada aos aproveitamentos tradicionais autorizados.
2. A introdución, posesión ou cultivo de especies vexetais ou animais, tanto autóctonas como alóctonas, de organismos híbridos ou modificados xeneticamente, e o desembarco de animais de compañía ou mascotas. Especialmente se velará por evitar a introdución ou penetración de especies de carácter exótico invasor.
3. A perturbación á fauna, en especial con calquera actividade ruidosa, co uso de aparatos produtores de sons, ou coa práctica de actividades deportivas como descenso de acantilados, escalada e espeleoloxía, voo sen motor en calquera das súas modalidades, paracaidismo, parapente e pedaletas, ou calquera que supoña o emprego de vehículos a motor, como paramotores, motos terrestres, quads, lanchas rápidas, motos acuáticas, torpedos acuáticos, esquí acuático e similares.
4. Dar de comer á fauna, tanto terrestre como mariña.
5. A realización de calquera actividade que destrúa, deteriore ou trastorne os elementos naturais do Parque.
6. Facer ou provocar lume ao ar libre (barbacoas, grellados, fogatas...) en todo o territorio do Parque Nacional.
7. O uso de fontes de calor como camping gas, barbacoas portátiles ou outros utensilios similares fóra das zonas autorizadas para iso. Poderanse tomar outras medidas de precaución adicionais, como a prohibición de fumar en certas áreas, cando o Director-Conservador do Parque Nacional o considere necesario.
8. Exceder o cupo diario autorizado para o transporte colectivo de visitantes.
9. Desembarcar na illa en calquera punto diferente dos autorizados.
10. A acampada e durmida ao ar libre, coa excepción das zonas habilitadas para tal fin, nas que será necesario dispoñer da autorización correspondente.
11. O voo sobre o Parque con avións, helicópteros, globos ou calquera outro medio a altitude menor de 3000 m sobre a superficie do terreo, agás autorización expresa do Director-Conservador do Parque Nacional para misións de auxilio, vixilancia, salvamento, extinción de incendios ou outras cuestións de interese xeral que se consideren necesarias.
12. O exercicio da caza e a pesca deportiva e recreativa en calquera das súas modalidades.
13. A acuicultura, as súas instalacións e todas as actividades relacionadas coa súa práctica.
14. A utilización do endeo remolcado a menos de 15 m de profundidade.
15. A realización de movementos de terras, extracción de áridos e transporte destes no territorio do Parque Nacional.
16. En xeral, a alteración da cantidade e/ou calidade das augas con calquera produto contaminante que poida danar os ecosistemas, considerándose como tal aquel que produza unha alteración prexudicial nas condicións físicas, químicas ou biolóxicas das augas subterráneas ou superficiais.
17. As obras de canalización, encauzamento, defensa de marxes e calquera outro tipo de actuación que altere as características naturais dos medios dulceaçuícolas.
18. O abandono, vertido, enterramento ou incineración de calquera tipo de lixo, entullos ou residuos. No caso de usuarios particulares, deberán trasladar a terra e depositar en lugar adecuado os residuos xerados durante a súa estancia.
19. A emisión de gases contaminantes.
20. A circulación de vehículos con ou sen motor fóra dos camiños autorizados a tal efecto.
21. O baño fóra das áreas en que especificamente se autorice e sinalice esa posibilidade.
22. O tránsito fóra das áreas e camiños autorizados.
23. A navegación e/ou fondeo de embarcacións de recreo sen autorización e fóra das áreas habilitadas para tal fin.
24. O tránsito e fondeo, excepto causa de forza maior, de embarcacións de gran calado ou embarcacións con mercancias perigosas.
25. A utilización de elementos de propulsión mecánica submarina.
26. A tenencia a bordo de calquera instrumento, arte ou aparello que poida utilizarse para a pesca ou a extracción de especies mariñas nas embarcacións dedicadas á actividade de mergullo de recreo.
27. Permanecer ou transitar con armas, arpóns, fúsís submarinos, trueis, redeños ou outros utensilios similares.
28. As maniobras militares e as actividades ou prácticas de supervivencia.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

29. Superar a velocidade máxima permitida para as embarcacións que naveguen en augas do Parque Nacional.

### **3.3.2. Para a conservación dos recursos paisaxísticos e culturais do Parque Nacional**

---

Para garantir a conservación dos recursos paisaxísticos e culturais, non se permiten, excepto por razóns debidamente xustificadas de xestión e autorizadas polo Director-Conservador, as seguintes actividades:

1. A construción de edificios de nova planta distinta ás existentes a data de declaración do Parque Nacional, agás aquelas estruturas que sexan necesarias para a xestión ou a investigación e para garantir a conservación do Parque.
2. A instalación de calquera elemento que produza contaminación lumínica ou visual.
3. A utilización de cores fosforescentes ou rechamantes nas fachadas e instalacións e artefactos.
4. A instalación de pancartas ou anuncios publicitarios sen autorización.
5. A creación de novas pistas, camiños ou sendeiros.
6. A construción de calquera tipo de infraestrutura de xeración ou distribución de enerxía ou combustibles. Desta prohibición se exceptúan a instalación de tendidos eléctricos nas zonas de Uso Especial e de Asentamentos Tradicionais, que deberán ir sempre soterrados; e as pequenas instalacións termosolares e outras cuxo obxectivo sexa reducir o consumo de combustibles fósiles en construcións illadas, que en todo caso requirirán autorización do Director-Conservador.
7. Os vertedoiros de residuos orgánicos e domésticos.
8. A recolección, destrución ou alteración de elementos de interese arqueolóxico, histórico ou xeolóxico tanto terrestres como mariños.

### **3.3.3. De carácter xeral**

---

Considéranse actividades non permitidas:

1. A venda ambulante.
2. A utilización de megafonía, altavoces, aparatos de radio ou de reprodución de son, instrumentos musicais, bucinas, chifres ou calquera outro aparato que poida xerar son, ou a emisión de ruidos como gritos e asubíos, que poidan resultar molestos, en especial durante as horas de descanso, e/ou alteren a tranquilidade natural en toda a superficie do Parque, tanto terrestre como mariña.
3. O deterioro ou destrución da infraestrutura propia do Parque.

Considéranse igualmente non permitidas, agás por motivos de xestión debidamente autorizados polo Director-Conservador do Parque, as seguintes actividades:

1. O voo de cometas ou similares.
  2. A actividade de profesionais da filmación ou fotografía sen autorización.
  3. O acceso ás zonas sinalizadas como non accesibles ao público.
  4. A realización por calquera procedemento de inscricións, sinais, signos ou debuxos, no terreo ou en pedras, rochas, vexetais ou nos bens mobles ou inmobles propios do Parque.
  5. A celebración de actividades extraordinarias como probas deportivas, espectáculos públicos ou outras sesións de entretemento cuxo fin principal sexa comercial, publicitario ou de lucro.
- Excepcionalmente poderán autorizarse estas actividades se concurren as dúas condicións seguintes: a) existe unha asociación significativa entre os obxectivos do Parque e a actividade proposta, e b) contribúe a mellorar a comprensión da significación do Parque polo público.
6. O uso do anagrama ou logotipos oficiais do Parque Nacional sen autorización expresa do Director-Conservador.

## **3.4. Réxime de usos, actividades e aproveitamentos**

---

### **3.4.1. Actividades de xestión**

---

Os traballos que se enmarquen nas actividades cotiás de xestión e manexo do Parque considéranse un uso compatible.

Considérase uso autorizable a presenza de gando (cabalos, asnos, mulas, ovellas, cabras e porcos) e aves de curral autóctonas. En todo caso estarán sometidas ás directrices establecidas polo Parque Nacional, quen establecerá as zonas nas que poidan pastar e limitará o seu número.

### **3.4.2. Aproveitamentos tradicionais**

---

Os usos e aproveitamentos tradicionais practicados historicamente no Parque, que non supoñan un impacto negativo significativo nos procesos ecolóxicos, considéranse compatibles e poderán manterse, supeditados á conservación dos valores naturais. A tal fin, cando resulte necesario, se adecuarán en intensidade, forma e demais condicións de realización para garantir a súa compatibilidade cos obxectivos do Parque.

#### **3.4.2.1. Actividades agrarias na illa de Ons**

1. O uso de produtos para o control de pragas e enfermidades dos cultivos considéranse uso autorizable nas zonas autorizadas a desenvolver dita actividade.

Deberanse empregar produtos biodegradables e entre os posibles os de menores riscos toxicolóxicos.

Os tratamentos serán localizados e selectivos e non deberán comportar riscos sobre hábitats ou taxons catalogados, poboacións silvestres, fontes e álveos fluviais, ou perda sensible de biodiversidade.

2. No caso de especies vexetais cultivadas, será requisito imprescindible a certeza de nula competencia coas especies autóctonas e imposibilidade de hibridación e naturalización.

#### **3.4.2.2. Pesca e marisqueo profesionais**

1. O Plan Sectorial de Xestión Integral de Recursos Pesqueiros e Marisqueiros do Parque Nacional, a desenvolver nun prazo máximo de 1 ano desde a aprobación do presente PRUX, será o documento de planificación e xestión que regule o conxunto de aproveitamentos de recursos mariños autorizados. Na elaboración do mesmo participarán, polo menos, as Consellerías do Medio Rural, do Mar e as confrarías de pescadores afectadas.

2. No marco do sinalado Plan Sectorial, desenvolveranse plans de xestión para as seguintes artes de pesca: raeiras, cerco, volante, volantilla, volantín, veta, rasco, xeito, palangre, palangrillo e todas

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

aquelas artes que capturen bolo (piobardeira, racú,...). Os plans avaliarán a posible interacción de todas elas coa conservación dos valores e recursos naturais do Parque.

3. As artes de marisqueo de tracción manual: a) rastro, b) raño e c) gancha, interaccionan cos fondos de maërl do PN, afectando ao seu estado de conservación. Non obstante, debido ao forte impacto socioeconómico que representaría a introdución dalgún tipo de limitación ao seu uso, este se considera permitido no conxunto do PN, a excepción das zonas de reserva. Durante o período de vixencia do PRUX, considérase necesaria a busca de fórmulas que satisfagan tanto o interese de aproveitamento de moluscos bivalvos como a conservación deste tipo de fondos. Na busca dunha solución ao conflito existente deberá contarse coa participación e implicación de todos os actores con intereses na materia.

4. O uso de rastros remolcados en áreas de distribución de fondos de maërl e fondos de corais brandos e gorgonias está restrinxida a zonas de máis de 15 m de profundidade. Para o cumprimento desta medida, todas as embarcacións que faenen con estas artes dentro dos límites do Parque Nacional deberán contar cun sistema de posicionamento xeográfico, que permita coñecer en tempo real a súa localización.

5. No Plan Sectorial recolleranse as medidas específicas para cada actividade marisqueira e pesqueira. En todo caso, estas deberán guiarse polo contido nos seguintes puntos:

a) O Plan desenvolverase de acordo á política de conservación mariña do Parque. Isto conleva o establecemento de plans de explotación que: a) non perxudiquen a estabilidade das comunidades ou especies mariñas representadas no Parque, b) non supoñan un incremento das capturas en comparación con anos anteriores e c) non propoñan o aproveitamento de novas especies.

b) O establecemento dos cupos de extracción estará supeditado aos resultados obtidos da aplicación dun programa de monitorización dos recursos naturais do Parque, tanto dos que se aproveitan como dos que non.

c) O seguimento estrito das extraccións efectuadas, a unha escala espacial e temporal adecuada. Para iso, polo menos, as embarcacións deberán informar da súa entrada nas augas do Parque Nacional.

d) A existencia de avalacións adicionais que examinen o impacto das extraccións sobre as comunidades naturais. Estas deberán ser realizadas por entidades independentes ao sector marisqueiro, para conseguir unha maior transparencia e obxectividade dos seus resultados.

e) Só poderán ser autorizadas as embarcacións adscritas ás confrarías de mariscadores que conten cun plan de explotación autorizado pola Consellería competente e o Parque Nacional, e que a) demostren ser adecuados para manter unha xestión sostible dos recursos; b) establezan un adecuado seguimento dos recursos aproveitados; c) preparen informes trimestrais de extracción para o Parque e d) participen con el en actividades de sensibilización ambiental.

6. O Plan Sectorial será revisado anualmente, e deberá ser aprobado pola Dirección do Parque Nacional e a Consellería competente (Consellería do Mar). Nel integraranse os plans de explotación marisqueira propostos polas confrarías e os informes de seguimento das comunidades mariñas bentónicas e dos recursos sometidos a aproveitamento; tamén se establecerán as medidas concretas adicionais para regular as zonas de manexo, os aparellos e a explotación dos recursos pesqueiros con artes menores.

7. Nos casos en que o Parque Nacional considere que a extracción dun determinado recurso é prexudicial para a conservación do ecosistema, tras chegar a un acordo coa Consellería competente (Consellería do Mar), poderanse revogar as licenzas de extracción para dito recurso ou o traslado desa actividade a outras zonas.

#### **3.4.3. Acceso e uso dos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres**

---

1. O acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres do Parque Nacional e o reparto de beneficios derivados da súa utilización rexeráse polo disposto Convenio sobre a Diversidade

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

Biolóxica e os seus instrumentos de desenvolvemento, e, no seu caso, no Tratado Internacional sobre Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura da Organización Mundial para a Alimentación e a Agricultura (FAO), así como polo disposto en calquera outro documento que poida desenvolver aos citados.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer no Parque Nacional condicións ao acceso de recursos xenéticos in situ, cando a súa recolección requira da adopción de medidas para garantir a súa conservación e aproveitamento sostible.

#### **3.4.4. Uso público**

---

1. No prazo máximo de dous anos desde a aprobación do presente PRUX, desenvolverase un Plan Sectorial de Uso Público do Parque Nacional, que será o documento de planificación que integre as liñas de acción e os programas de actuación que constitúen a guía para conxugar a oferta e a demanda de uso público no ámbito do Parque e da súa área de influencia.

En tanto se procede a a súa aprobación, as limitacións, normas e regulación de actividades de Uso Público no Parque Nacional serán as que figuran no presente PRUX, ademais daquelas outras que, por motivos de conservación ou xestión poida incorporar o Director-Conservador do Parque.

2. O Plan Sectorial de Uso Público do Parque Nacional desenvolverase guiándose polo recollido nos seguintes puntos:

- a) Estará supeditado á conservación dos valores e as características propias do Parque Nacional e dos procesos de evolución do seu patrimonio natural e cultural.
- b) Darase prioridade e fomentaranse as actividades de paseo e contemplación, ofrecendo áreas onde poder apreciar a soidade e a integridade do ambiente natural. Neste sentido prestarase especial atención aos valores culturais, estéticos e educativos, dándolles prioridade sobre os de carácter meramente turístico ou recreativo.
- c) A adecuación da intensidade de uso do espazo á súa capacidade de acollida. Cando resulte necesario, estableceranse outros servizos complementarios fóra do Parque.
- d) O ofrecemento dunha interpretación de alta calidade.
- e) A interpretación personalizada e cualificada será a pedra angular do sistema interpretativo. Non obstante, se complementará ou poderá ser substituída por medios non persoais na medida e circunstancias apropiadas.
- f) A acreditación de coñecementos e/ou experiencia demostrable no ámbito do Parque Nacional de todo o persoal que desenvolva traballos de educación e interpretación ambiental.
- g) O plan de Uso Público deberá recoller ademais todos aqueles aspectos necesarios para un correcto funcionamento do sistema de uso público, como por exemplo: a) determinación dos servizos e programas interpretativos dispoñibles, b) recursos humanos e materiais necesarios para garantir a calidade da visita e servizos dispoñibles, c) réxime e funcionamento de instalacións e servizos, d) programas de educación ambiental, información, interpretación, divulgación e participación cidadá, e) sistema de autofinanciamento, contraprestacións económicas, fianzas e prezos públicos a establecer nos casos que proceda, f) procedementos e condicións para a autorización e desenvolvemento de usos especiais e g) programa de seguimento e avaliación continua do sistema de uso público.

3. Entre outros, considéranse usos especiais dentro do Parque Nacional: a) os relacionados coa cinematografía, radio, televisión, vídeo, publicidade e similares, que teñan carácter profesional, comercial ou mercantil; b) a realización de actos especiais; c) toda nova actividade comercial que se vaia desenvolver en establecemento fixo; d) o desenvolvemento de actividades organizadas e realizadas por persoas físicas ou xurídicas externas ao mesmo.

Para a autorización da rodaxe de películas, producións de televisión e reportaxes en xeral coa participación de artistas profesionais ou amateurs, esixirase a ausencia de espectadores, e poderá requirirse o depósito dunha fianza ou a contratación dun seguro por parte do promotor. Non poderá utilizarse ningún tipo de uniformes, insignias ou equipo da administración do Parque que poida

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

interpretarse como respaldo do mesmo a dita actividade, agás autorización expresa do seu Director-Conservador. A fotografía e vídeo amateur non se consideran comerciais, e polo tanto, non entran dentro do previsto neste parágrafo.

Non poderá autorizarse ningún uso especial se:

- a) Contradice as normas ou a política do Parque.
- b) Ten un potencial racional de crear enfermidades á biota, danos ás persoas ou á propiedade.
- c) Interfire negativamente co funcionamento normal do Parque, coa protección dos recursos ou o uso dos visitantes.

4. Para a autorización de toda actividade extraordinaria esixirase o depósito dunha fianza ou a contratación dun seguro por parte do promotor. A Administración do Parque Nacional poderá establecer tarifas que, polo menos, terán por obxectivo o reembolso dos gastos xerados pola concesión do permiso e o seguimento das actividades autorizadas.

5. Aínda que a persoa é o primeiro responsable da súa seguridade, a Administración do Parque tomará todas as precaucións que sexan razoables co obxecto de mellorar a seguridade e a protección do visitante.

6. Todas aquelas actividades que requiran autorización, desenvolveranse baixo risco e ventura do autorizado. O Parque Nacional non se fai responsable dos posibles accidentes ou danos que poideran derivarse do exercicio das mesmas.

7. Con carácter precautorio, o Director-Conservador do Parque poderá proceder a limitar o uso público en todas aquelas zonas cuxas circunstancias así o requiran, por causas de conservación, seguridade das persoas ou outras debidamente xustificadas.

Atendendo á capacidade de carga do espazo e até a aprobación do Plan de Uso Público, establécense as seguintes condicións xerais:

#### **Visitantes**

8. Enténdese por visitante aquela persoa que acode ao Parque Nacional ou a as súas instalacións para disfrutar e coñecer os seus valores sen exercer ningún outro tipo de actividade. En función da forma de acceso, intereses e tipo de grupo, os visitantes agrúpanse nas seguintes categorías:

- a) Visitantes que acceden en embarcación privada, xa sexa propia ou de alugueiro.
- b) Visitantes que acceden en transportes colectivos. Este tipo de transporte, definido no apartado 2.5 punto 6 do presente PRUX, estará autorizado a realizar a súa actividade durante a tempada alta.
- c) Visitantes que acceden ao parque en grupos organizados, a través dos programas educativos ou divulgativos propios do Parque Nacional ou realizados por terceiros debidamente autorizados.

En función do índice potencial de afluencia de visitantes ao Parque Nacional defínense dous tipos de tempadas:

- a) Tempada alta: corresponde, de forma orientativa, aos períodos de Semana Santa (desde o último sábado lectivo até o segundo domingo do período non lectivo na Comunidade Autónoma de Galicia), fins de semana, festivos e pontes de maio e novembro e o período comprendido desde o 1 de xuño até o 15 de outubro.
- b) Tempada baixa: resto do ano.

Os períodos abarcados por cada tipo de tempada, serán establecidos anualmente polo Director-Conservador do Parque Nacional.

Atendendo a criterios de capacidade de carga, tanto a nivel espacial como temporal, establécense os seguintes cupos máximos de visitantes por día:

#### **Tempada Alta**

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

Arquipélago de Cíes:

- a) 1800 persoas (carga total diaria) que accedan nas navieiras autorizadas para a realización de transporte colectivo.
- b) 200 persoas (carga total por día de estancia en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización extraordinaria do Director-Conservador do Parque Nacional.
- c) 550 persoas no camping.
- d) 150 fondeos/día repartidos en tres zonas.

Arquipélago de Ons:

- a) 1200 persoas (carga total diaria) que accedan nas navieiras autorizadas para a realización de transporte colectivo.
- b) 200 persoas (carga total por día de estancia en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización extraordinaria do Director-Conservador do Parque Nacional.
- c) 300 persoas na área de acampada.
- d) 80 fondeos/día repartidos en dúas zonas.

Arquipélagos de Sálvora e Cortegada:

- a) 125 persoas para cada arquipélago (carga total por día de estancia en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización extraordinaria do Director-Conservador do Parque Nacional.
- b) 15 fondeos/día para cada arquipélago

*Tempada Baixa*

Arquipélagos de Cíes e Ons:

- a) 250 persoas para cada arquipélago (carga total por día de estancia en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización extraordinaria do Director-Conservador do Parque Nacional.

Arquipélagos de Sálvora e Cortegada:

- a) 125 persoas para cada arquipélago (carga total por día de estancia en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización extraordinaria do Director-Conservador do Parque Nacional.

**Oferta hostaleira, de durmida e de ocio**

9. A oferta de durmida en todo o Parque Nacional está supeditada ao estipulado na Lei 14/2008 de 3 de decembro, de turismo de Galicia, ou naquelas que poidan chegar a desenvolvela ou modificala durante o período de vixencia do presente PRUX.

10. O exercicio desta práctica en toda a superficie do Parque Nacional deberá contar ademais coa autorización do Director-Conservador, e cumprir as esixencias medioambientais que este estableza, en especial no referente a eficiencia enerxética, consumo de auga e xeración e tratamento de residuos.

11. Os locais de hostalaría deberán cumprir estritamente a normativa do Parque no relativo ao mantemento da tranquilidade e quietude en toda a súa superficie. Estes non poderán en ningún caso interferir co descanso de habitantes nin visitantes, e non poderán permanecer abertos máis alá das 01:00 horas. No relativo á contaminación acústica, deberase respectar un límite de 40 decibelios ao redor dos mesmos, e de 30 decibelios no resto do Parque.

12. Prohíbese expresamente a práctica do botellón.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

**Acampada**

13. Todas as zonas de acampada autorizadas (campos de traballo, campamento xuvenil, camping, área de acampada) no Parque Nacional estarán supeditadas ao cumprimento das especificacións xerais contidas no presente PRUX.

14. No prazo máximo de 2 anos, todas elas deberán contar con algún tipo de acreditación ou certificación medioambiental (ISO 14.000, EMAS, Carta Europea de Turismo Sostible...).

15. A capacidade de acollida e as condicións de uso de todas elas serán reguladas polo Director-Conservador do Parque, quen poderá introducir modificacións coa periodicidade que estime oportuno. Para iso terase en conta a dispoñibilidade de recursos hídricos da illa na que se encontre cada unha das instalacións e as necesidades de conservación e xestión existentes en cada momento. A localización das zonas de acampada poderá ser modificada ou incluso suprimida, en función destas necesidades.

16. As condicións de uso do camping da illa do Faro, no arquipélago de Cíes, ademais de cumprir estritamente coa lexislación existente en relación á súa actividade, atenderán polo menos ás seguintes directrices:

- a) Esixirase o cumprimento estrito das normas xerais do Parque en materia de residuos e depuración, eficiencia e sostibilidade enerxética, contaminación lumínica, consumo de auga e xeración de rúidos.
- b) Cada visitante poderá aloxarse un máximo de 7 días, con posibilidade de renovación se a demanda de visitantes o permite.

17. A área de acampada controlada da illa de Ons regularase pola súa normativa específica. Por motivos de conservación, o Director-Conservador do Parque Nacional poderá establecer as modificacións que estime convenientes na súa regulación.

**Tránsito de vehículos**

18. Solicitárase ao Director-Conservador permiso para circular con calquera tipo de vehículo dentro dos límites do Parque Nacional. As autorizacións serán resoltas de acordo ás regulacións que se establezan e á necesidade que xustifiquen os interesados.

19. Minimizarase a circulación de calquera tipo de vehículo a motor autorizado.

20. O tránsito dos mesmos estará limitado a aquelas pistas que o Director-Conservador determine.

21. O tránsito poderá sufrir restricións ou prohibicións cando as necesidades de conservación así o xustifiquen, en especial naquelas épocas, zonas e situacións nas que o risco de atropelo de anfibios e réptiles sexa moi elevado.

22. Primarase o uso de vehículos eléctricos e que cumpran criterios de eficiencia enerxética.

23. Non se permitirá o tránsito de vehículos que xeren rúidos que alteren a tranquilidade do Parque.

24. A velocidade de circulación estará limitada a un máximo de 20 km/h.

**Horario de carga-descarga**

25. O Parque Nacional, conxuntamente coas autoridades portuarias correspondentes, desenvolverá a normativa que regule os horarios de carga e descarga nos peiraos do mesmo. Deberanse ter en conta aspectos como a seguridade dos visitantes ou outros trastornos que poidan afectar á calidade da visita.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

**Navegación e fondeo de embarcacións de recreo**

26. En cumprimento dos artigos 4.1. m) e 10.3. e) da Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, é necesaria autorización escrita para navegar e fondear nas augas do Parque Nacional. As autorizacións se conceden aos propietarios das embarcacións e artefactos flotantes, tal e como están definidos no Real Decreto 1435/2010.

Os artefactos flotantes precisarán dun permiso para poder navegar en augas do Parque Nacional.

27. A autorización de navegación é requisito para obter a de fondeo.

28. A efectos desta autorización, considérase que se realiza unha actividade recreativa sen carácter lucrativo ou comercial.

29. Os permisos de navegación terán vixencia bianual.

30. O autorizado deberá estar en posesión de todas as licenzas e permisos necesarios para levar a cabo as actividades de navegación. A navegación e a estancia dentro do Parque Nacional deberán axustarse ao establecido no presente PRUX. Ademais, deberán atender en todo momento as indicacións do persoal do Parque.

31. O Director-Conservador do Parque desenvolverá pormenorizadamente as normas e procedementos administrativos que rixan a obtención das autorizacións necesarias para a práctica da navegación e o fondeo nas augas do Parque Nacional. Estas poderán ser consultadas na páxina web oficial do Parque Nacional, ou directamente nas oficinas do mesmo. Facúltase á Dirección do Parque para resolver as dificultades que poidan xurdir en cada momento en función da época do ano, o número de solicitudes e a dispoñibilidade de puntos de fondeo.

32. Co fin de non alterar o comportamento das especies de aves e mamíferos mariños dentro dos límites do Parque Nacional, en especial o do corvo mariño cristado e arroás, a navegación se restrinxirá ás zonas habilitadas para tal fin, e deberá facerse, sen prexuízo do establecido na Lei de Costas (R.D. 1471/1989, Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución do a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas) a unha velocidade máxima de 4 nós, evitando producir ruidos excesivos, xa sexa de motores, bucinas, música ou outras fontes, e sen acelerar bruscamente.

33. Esixirase en todo momento o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de mamíferos mariños e de xestión de residuos.

34. O fondeo deberá realizarse respetando a zona balizada reservada aos bañistas (200 metros até a beira das praias). Emprazarase de modo que permita o acceso das embarcacións aos peiraos das illas, deixando o correspondente paso.

35. O fondeo de embarcacións no arquipélago de Cíes debe cumprir as seguintes condicións:

a) As únicas zonas de fondeo autorizadas no arquipélago de Cíes son: Praia das Rodas, Praia de Nosa Señora e Praia de San Martiño.

b) O desembarco debe realizarse polo peirao de Rodas. O peirao de Carracido é propiedade da Autoridade Portuaria de Vigo e, excepto a súa autorización expresa, non é posible atracar ou usar dito peirao. Na illa Sur ou de San Martiño, ao non existir peirao, o desembarco poderá realizarse con embarcación de apoio.

36. O fondeo de embarcacións no arquipélago de Ons debe cumprir as seguintes condicións:

a) As únicas zonas de fondeo autorizadas no arquipélago de Ons son: zona Dornas-Castelo e Praia de Melide. Está prohibido desembarcar na illa de Onza.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

b) O peirao de Dornas (illa de Ons) é propiedade da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra (Ministerio de Fomento). Agás autorización expresa de dita Autoridade Portuaria, non se poderá atracar nin usar dita instalación.

37. O fondeo de embarcacións no arquipélago de Sálvora debe cumprir as seguintes condicións:

a) A única zona de fondeo autorizada no arquipélago de Sálvora é: Praia do Castelo ou do Almacén. Está prohibido desembarcar no resto de illotes incluídos no Parque Nacional (Sagres, Vionta, Noro,...).

b) O peirao de Sálvora é propiedade da Autoridade Portuaria de Vilagarcía (Ministerio de Fomento). Agás autorización expresa de dita Autoridade Portuaria, non se poderá atracar nin usar dita instalación.

38. O fondeo de embarcacións no arquipélago de Cortegada debe cumprir as seguintes condicións:

a) A única zona de atraque autorizada no arquipélago de Cortegada é o embarcadero habilitado para tal fin. Está prohibido desembarcar nas illas de Malveira Grande, Malveira Chica e Briñas.

39. Non se permitirá a durmida de embarcacións con wc sen tanque intermedio.

40. No caso de embarcacións de alugueiro, a empresa propietaria da embarcación será responsable subsidiario de calquera infracción administrativa que o patrón ou calquera persoa embarcada na mesma poidera cometer.

41. O Director-Conservador poderá establecer unha contraprestación económica polo servizo prestado nos termos que administrativamente se determinen.

### **Mergullo**

42. O Director-Conservador do Parque desenvolverá pormenorizadamente as regulacións, normas e procedementos administrativos que rexan a obtención das autorizacións necesarias para a práctica do mergullo nas augas do Parque Nacional, así como as obrigacións de todos os usuarios. Estas poderán ser consultadas na páxina web oficial do Parque Nacional, ou directamente nas oficinas do mesmo.

43. Son condicións xerais para a práctica do submarinismo nas augas do Parque Nacional as seguintes:

a) Dispoñer da autorización pertinente no caso que corresponda.

b) Mergullo recreativo permitido no Parque Nacional:

- Mergullo en apnea sen chumbos: non é necesaria autorización, aínda que en todo momento os practicantes desta actividade deberán respectar a normativa existente e atender ás instrucións e recomendacións do persoal do Parque.

- Mergullo en apnea con chumbos: é necesaria autorización.

- Mergullo con equipo autónomo (escafandra): é necesaria autorización.

c) A autorización concédese sen prexuízo de todas as autorizacións que para realizar actividades subacuáticas deban posuír os titulares desta autorización.

d) Calquera mergullador que requira autorización deberá acreditar a súa capacitación para a práctica deportiva, estando en posesión de titulación obtida mediante a asistencia a cursos regulados e dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil ou licenza federativa e certificado médico de data inferior a dous anos.

e) A dirección do parque poderá establecer limitacións en canto ao tamaño de grupo, cupos e puntos de inmersión.

f) As autorizacións expedidas terán carácter individual, sendo precisa unha por cada mergullador, excepto no caso de tratarse de clubs ou centros de mergullo.

g) Con carácter xeral a autorización faculta para a realización de inmersións diúrnas, requirindo a inmersión nocturna, en todos os casos, solicitude individualizada para cada inmersión.

44. Poderán practicarse actividades subacuáticas nun total de 16 puntos de inmersión en Cíes, 3 en Ons e 4 en Sálvora, e que se relacionan a continuación:

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

Arquipélago de Cíes:

Illote Viños  
Baixo dos Cgos  
O Muíño  
Baixos os Forcados I  
Baixos os Forcados II  
Baixo Cruz de Almera  
Pedra os Gabotos  
Punta Pau de Bandeira  
Punta Canabal  
Baixo O Ruso  
Baía Príncipe  
Baixo Lago  
Monte Agudo  
Pedra As Negras  
Baixo a Roncosa  
Faro do Peito ou de Monteagudo

Arquipélago de Ons

A Posiña  
Inferniño  
Baixo do faro

Arquipélago de Sálvora

Pedra Touza Pirula  
Punta do Castillo  
Baixo Sur de Sagres  
Baixo Tangona de Terra

Arquipélago de Cortegada

Unicamente no contorno da illa de Cortegada.

45. En virtude dos resultados do seguimento e do estado de conservación dos puntos de inmersión, o parque nacional determinará anualmente as zonas nas que se poderá practicar o mergullo. Mediante resolución motivada, poderán ser pechadas áreas ao exercicio da actividade e, no seu caso, ser habilitadas outras alternativas.

46. Con carácter xeral e sempre que teña como finalidade a investigación, a Dirección do Parque poderá conceder autorizacións de mergullo con escafandra autónoma en zonas mariñas de Reserva.

47. As inmersións nocturnas estarán prohibidas, a menos que se obteña previamente unha autorización especial. Precisarán do visto bo previo do director Conservador do Parque nacional, e serán obxecto dun tratamento especial en canto a cupos.

48. Os centros e clubs de mergullo levarán un Libro de rexistro de inmersións no parque nacional. Este poderá ser solicitado polo persoal do Parque en calquera momento, e deberá ser presentado para renovar a autorización anual. Os datos anotados no libro serán a relación detallada das inmersións realizadas ao amparo da autorización correspondente, con indicación do número de mergulladores e monitores, a data e o punto de mergullo de cada inmersión.

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

49. A autorización de mergullo con escafandra non permite, en ningún suposto, o acceso a terra nin o fondeo noutras áreas distintas ás sinaladas para a práctica do mergullo.

50. Só se permitirá o uso dun sistema de boias semi-sumerxidas temporais naquelas zonas nas que sexa necesario por motivos de conservación. Permiteuse a instalación dunha boia semipermanente xunto ao illote Viños, no arquipélago de Cíes, para facilitar as actividades de formación das escolas de mergullo.

51. Durante a práctica do submarinismo, está especificamente prohibido: a) mover ou voltear pedras no fondo, b) perturbar aos organismos nos seus refuxios, e c) alimentar á fauna mariña antes, durante ou despois das inmersións.

52. En caso de atopar restos de interese arqueolóxico, non deben ser movidos, debe sinalizarse a súa localización e dar parte do achado ás autoridades do Parque Nacional.

#### **Voluntariado e prácticas**

53. As actividades de voluntariado axustaranse ás necesidades e actuacións que estableza o Parque Nacional, atendendo ás seguintes premisas:

a) Respecto ás organizacións:

Aqueles organizacións que desexen desenvolver actividades de voluntariado no Parque deberán asinar un convenio de colaboración co OAPN, no que se establecen os compromisos aceptados pola organización e polo Parque. Deberán estar legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia, carecer de ánimo de lucro e desenvolver actividades de interese xeral, como esixe a Lei 3/200 de voluntariado de Galicia, así como cumprir os requisitos establecidos pola normativa en vigor, tanto na súa relación coa administración como na súa relación cos voluntarios.

As organizacións colaboradoras e os voluntarios deben coñecer e aceptar o conxunto de dereitos e deberes dos voluntarios.

Estas organizacións recibirán apoio do Parque, en especial facilitando toda a información e formación necesaria, así como a documentación acreditativa de estar colaborando de forma voluntaria co Parque e o conxunto de dereitos e deberes dos participantes.

As organizacións responderán fronte a terceiros polos danos e prexuízos causados polos voluntarios que participen nos seus programas, como consecuencia da realización de actividades de voluntariado, nos termos que establece a Lei 3/2000.

b) Respecto dos voluntarios

O voluntario nunca pode ser utilizado como man de obra gratuita e en ningún caso debe interferir na creación de novos postos de traballo ou substitución dos xa existentes.

Os participantes nas tarefas de voluntariado deberán seguir un proceso de formación, impartido polo persoal do Parque ou persoas asignadas por el, e cuxos contidos aportarán información xeral sobre o Parque e outras relacionadas co proxecto concreto no que o voluntario vaia colaborar.

Cumprírase escrupulosamente a normativa existente no traballo con voluntarios e as súas organizacións, reflectida na lexislación competente.

Os voluntarios deberán ir tutelados e acompañados sempre polo persoal do Parque asignado. A temporalización das actividades deberá ser elaborada polo mesmo, tendo en conta as suxestións da entidade colaboradora e os propios voluntarios.

As persoas que de forma individual se dirixan ao Parque para realizar tarefas de voluntariado, serán remitidas ás organizacións que xa contan con grupos establecidos de voluntarios.

54. Para poder realizar prácticas académicas ou preprofesionais no Parque Nacional será imprescindible a sinatura dun Convenio de Cooperación entre o Director-Conservador do Parque e a institución interesada, no cal virán especificados todos os aspectos relativos a responsabilidade dos participantes, funcións, seguros, titores, períodos e áreas de colaboración, entre outros. En todo caso, o Parque deberá establecer unhas liñas de traballo prioritarias nas que se basearán as institucións interesadas en establecer este tipo de convenios.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

**3.4.5. Infraestruturas, instalacións e vivendas**

---

1. As restauracións e rehabilitacións de vivendas e instalacións deberán ser previamente autorizadas polo Parque Nacional, sen prexuízo de autorizacións que poideran corresponder a outros órganos.

Para a súa execución, os interesados deberán presentar solicitude de autorización e Memoria do proxecto ante o Parque Nacional cunha antelación mínima de 3 meses, comunicando o desexo de levar a cabo calquera tipo de obra. Describirán en detalle as características e alcance das obras, o motivo, o lugar en onde se desexa executalas, e as datas de inicio e finalización.

O Parque resérvase o dereito de autorización das mesmas, ou a necesidade de modificar o período de execución ou a introdución de medidas correctoras, co obxecto de garantir a conservación dos valores naturais do Parque, en especial no que respecta á fauna de réptiles e de morcegos.

En xeral, e agás excepcións debidamente xustificadas, as construcións e instalacións autorizadas deberán gardar o máximo respecto ao contorno, procurarán a utilización de materiais e tipoloxías tradicionais e minimizarán o seu impacto, primando a súa integración na paisaxe.

2. Todos os proxectos de obras de infraestrutura, independentemente das súas características, incluírán desde o inicio as medidas e orzamentos necesarios para a estimación e valoración da súa incidencia ambiental, así como para a corrección, no seu caso, dos efectos negativos sobre o medio que ditas obras produzan, incluíndo os accesos habilitados temporalmente para a execución das mesmas. Será requisito previo á autorización da Administración competente, a emisión dun informe favorable por parte do Parque Nacional.

3. Os traballos de acondicionamento de pistas e camiños realizaranse con extrema precaución, xa que as lindes entre estes e as zonas limítrofes con vexetación pechada son moi utilizados por distintas especies de réptiles, ou son hábitat de especies de hongos de interese de conservación.

As novas pistas ou camiños, que con carácter restritivo e excepcional se poidan chegar a desenvolver, adaptaranse ao terreo evitando impactos, e non recibirán tratamento superficial nin con asfalto nin con formigón.

4. En todo caso, calquera actuación de acondicionamento e/ou mantemento que afecte á vexetación, en especial aquelas específicas de corta e retirada de restos vexetais, estarán sometidas ao desenvolvemento dun protocolo de actuación que contemple o risco de interacción con calquera dos valores naturais do Parque, e ao dun manual de boas prácticas. Neste sentido, prestaraselle especial atención ao contorno de mananciais, cursos de auga e áreas encharcables, a formacións de salgueiros e amieiros, á flora fúnxica e líquénica, á fauna invertebrada (lesmas, insectos...) e á de anfíbios e réptiles.

**3.4.6. Investigación e seguimento**

---

1. A ordenación, planificación e xestión das investigacións no ámbito do Parque Nacional guíarase, polo menos, polo contido nos seguintes puntos:

a) Os proxectos de investigación, así como a toma de mostras ou datos que se pretendan obter estarán sometidos a autorización previa do Parque Nacional. Cada proxecto deberá ser adecuadamente xustificado, debendo constar dunha memoria explicativa na que se especifique, entre outras cuestións, se está prevista a obtención de mostras de flora ou fauna, e a cuantía das mesmas. Poderase recabar asesoramento científico independente para a súa avaliación.

b) Antes da concesión do permiso, a Dirección do Parque e os investigadores avaliarán a necesidade e no seu caso establecerán as medidas necesarias de minimización dos posibles efectos negativos da investigación sobre outros

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

valores.

c) Dado que a capacidade do Parque para acoller proxectos de investigación é limitada, darase prioridade a aqueles recollidos nos apartados de planificación do PRUX. En segundo lugar se considerarán os encamiñados á resolución dos problemas de xestión e, finalmente, aqueles que pola súa natureza non poidan realizarse fóra do Parque ou que requiran unhas condicións ambientais dificilmente repetibles fóra do mesmo.

d) Os resultados da investigación deberán facerse públicos e se promoverá tanto a súa publicación como a súa transferencia unha vez elaborados, incluso antes da súa publicación, e en particular aqueles que poidan ter incidencia na xestión do Parque. Cando sexa apropiado, as actividades e os resultados da investigación serán divulgados e interpretados, co fin de mellorar a comprensión do medio ambiente por parte do público. Non obstante, por razóns de seguridade, a Administración do Parque podrá declarar confidencial a información referente á situación de recursos particularmente fráxiles.

e) Apoiaranse investigacións que cumpran coas condicións de interese contidas nos criterios e obxectivos deste PRUX e que sexan compatibles coa conservación. Facilitarase o transporte, acceso e aloxamento dos investigadores, sempre que resulte compatible cos medios dispoñibles e o normal desempeño dos labores no Parque, e supeditado en todo momento ao cumprimento da normativa vixente. Facilitarase o acceso aos datos e información dispoñible, aténdose en todo caso á propiedade intelectual destes, e de forma que a difusión desta información non afecte a especies ou valores nunha situación de conservación desfavorable. Promoverase o intercambio de información e experiencia entre investigadores e traballadores do Parque.

2. Nun prazo máximo de dous anos desde a aprobación do presente PRUX, desenvolverase un programa de seguimento a longo prazo dos valores ambientais e do seu estado de conservación, dos procesos naturais e das actividades humanas no Parque Nacional, que cumpra coas características especificadas nos criterios e obxectivos previamente establecidos.

#### **3.4.7. Usos doutras administracións con presenza no Parque Nacional**

---

1. As autoridades portuarias deberán informar ao Parque Nacional cunha antelación suficiente (mínimo de dous meses), da realización de calquera tipo de actuación (mantemento, obras,...) en peiraos, balizas, faros ou outras instalacións da súa competencia dentro dos límites do Parque Nacional, debido ao risco que existe de producir afeccións graves a valores naturais. Para a súa realización, deberán contar con informe favorable do Director Conservador, e atender ás medidas correctoras que se establezan.

2. Os concellos con representación territorial no Parque Nacional, están obrigados a cumprir as competencias que lles corresponden en materia de seguridade cidadá, atención sanitaria, control de ruídos e servizos de luz e recollida de residuos.

## **4. Programación das actividades de xestión**

---

### **4.1. En materia de conservación da biodiversidade**

---

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Diseñar e desenvolver protocolos e estratexias de actuación para o control e erradicación de especies exóticas invasoras.
- b) Desenvolver traballos de control e erradicación de especies de flora e fauna exótica invasora. As especies afectadas son, polo menos, visón americano (*Neovison vison*), uña de gato (*Carpobrotus edulis*), eucalipto (*Eucalyptus* spp.) e acacia (*Acacia* spp.).
- c) Eliminar a poboación de gatos asilvestrados dos arquipélagos de Cíes e Ons.
- d) Desenvolver, polo menos para os principais valores (hábitats e especies), documentos de avaliación sobre o nivel de coñecemento do estado de conservación e dos factores de ameaza.
- e) Diseñar e executar unha estratexia de manexo das aves mariñas coloniais. Esta estratexia deberá incluír, polo menos, os seguintes aspectos:
  - En relación ao corvo mariño cristado: 1) a redución significativa da mortalidade en artes de enmalle en todo o Parque Nacional, promovendo a súa diminución no conxunto das áreas que constitúen o dominio vital das poboacións reprodutoras asentadas no mesmo; 2) o descenso da mortalidade por predación por visón americano e 3) das molestias causadas pola navegación de recreo.
  - Crear as condicións necesarias para o asentamento e nidificación de paíño pequeno e pardela cincenta, especialmente a través da protección fronte á acción de depredadores terrestres.
  - Avaliar e, de ser necesario mitigar, o impacto da poboación nidificante de gaivota patiamarela sobre a vexetación de medios dunares.
  - Establecer un programa de seguimento que contemple a tendencia e parámetros poboacionais básicos destas especies, en especial a gaivota patiamarela e corvo mariño cristado.
- g) Diseñar e desenvolver plans de manexo de hábitats en función do resultado dos documentos de avaliación da problemática de conservación dos valores do Parque Nacional.
- h) Cartografar os fondos mariños de todo o Parque Nacional.
- i) Desenvolver protocolos que guíen as diferentes actuacións de xestión do Parque, co obxecto de minimizar as afeccións sobre os seus valores. Polo menos se realizarán protocolos en relación a: 1) rozas e retirada de vexetación, 2) limpeza de restos en praias, 3) mantemento e restauración de edificacións, e 4) mantemento de fontes, mananciais e outros puntos de auga.

- j) Diseñar e aplicar un plan de actuación para a prevención e extinción de incendios forestais.
- k) Diseñar e aplicar un plan de actuación de restauración ambiental.
- l) Crear un viveiro de especies de flora ameazada.
- m) Mellorar o estado do dique do Lago dos Nenos, de forma que contribúa á conservación de dito lago así como ao tránsito seguro dos visitantes.

## **4.2. En materia de conservación do patrimonio cultural**

---

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Catalogar os xacementos arqueolóxicos terrestres do Parque Nacional.
- b) Desenvolver un plan de recuperación do patrimonio etnográfico e cultural de todo o Parque Nacional.
- c) Diseñar e desenvolver un plan de actuación para a conservación do patrimonio arqueolóxico.
- d) Crear unha base de datos espacial con todos os recursos culturais do Parque Nacional.
- e) Elaborar un plan de recuperación da arquitectura tradicional do Parque.

## **4.3. En materia de conservación da paisaxe**

---

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) O enterramento das actuais liñas eléctricas aéreas.
- b) A eliminación de carteis publicitarios ou a minimización do seu impacto visual.
- c) A integración paisaxística de vivendas particulares e establecementos de hostalaría.

## **4.4. En materia de conservación dos recursos hídricos**

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Diseñar e desenvolver un estudo que avalíe a dispoñibilidade de recursos hídricos e estableza as bases dun sistema de monitorización dos mesmos, con especial atención aos arquipélagos de Cíes e Ons, aqueles que soportan unha maior afluencia de visitantes.
- b) Instalar contadores en todas as edificacións existentes, para cuantificar e monitorizar o consumo de recursos hídricos.
- c) Promover o aforro de auga a través da instalación de difusores nas billas; a redución do volume de almacenamento en todas as vivendas e o aumento da presión; e a reutilización da auga de chuvia.
- d) Ampliar o actual alcance do sistema de saneamento da illa de Ons.
- e) Promover o cambio de fosas sépticas antigas por novas en todo o Parque Nacional, co obxecto de eliminar filtracións.
- f) Promover a instalación obrigatoria de separadores de graxas nos establecementos de hostalaría.

## **4.5. En materia de contaminación, xestión de residuos e de eficiencia enerxética**

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Substitución das lámpadas tradicionais por lámpadas de baixo consumo en todas as instalacións dependentes do Parque Nacional, e fomentar a mesma en todas as restantes fontes de iluminación.
- b) Reducir as fontes de contaminación lumínica no Parque Nacional.
- c) Implantar sistemas de separación de residuos.
- d) Instalar cubetas estancas para residuos perigosos.
- e) Reducir o tempo de almacenamento de todo tipo de residuos, especialmente os tóxicos e perigosos.
- f) Desenvolver un plan de xestión de residuos no Parque Nacional.

## **4.6. En materia de aproveitamentos e usos tradicionais**

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Desenvolver e aplicar un plan sectorial de xestión integral dos recursos pesqueiros e marisqueiros do Parque Nacional, en colaboración coa Consellería do Mar.
- b) Fomentar a creación de zonas de reserva mariñas en colaboración coas confrarías de pescadores e a Consellería do Mar.
- c) En colaboración coa Consellería do Mar, deseñar e poner en práctica un programa de monitorización das artes utilizadas no Parque Nacional, e dos recursos pesqueiros e marisqueiros extraídos.

## **4.7. En materia de investigación**

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Elaborar un documento base no que se recollan as directrices xerais para a regulación da actividade investigadora, e a estratexia de apoio á mesma no Parque.
- b) Desenvolver traballos de investigación que melloren o coñecemento dos ecosistemas, hábitats e especies do Parque Nacional, e das dinámicas que os caracterizan, así como as ameazas e problemas de conservación que lles afectan. Deseñar as estratexias de xestión necesarias para levalos a e mantelos nun estado de conservación favorable.
- c) Desenvolver investigación aplicada para dar resposta aos problemas que plantea a xestión do Parque Nacional. Para iso establécense as seguintes liñas prioritarias:
  - Control de poboacións, particularmente de especies introducidas.
  - Estudos biolóxicos de especies de interese (ameazadas, clave, indicadoras e praga) que sirvan de base para a xestión das súas poboacións.
  - Relación da dispoñibilidade de recursos hídricos e o estado de conservación de especies de interese.
- d) Crear canles de acceso ás fontes documentais de utilidade para a xestión do Parque Nacional.
- e) Comunicar os resultados das investigacións levadas a cabo no Parque Nacional a través da creación de contidos específicos para a súa web, e a organización de xornadas públicas de divulgación.

## **4.8. En materia de uso público**

---

Durante o período de vixencia do presente PRUX, levaranse a cabo as seguintes actuacións, que virán reflectidas, e no seu caso ampliadas, no Plan de Uso Público.

Realizarase ademais unha avaliación continua da capacidade de carga temporal e espacial dos lugares máis afectados pola presión de visitantes, e se adecuará á mesma o nivel de uso destas zonas.

### **4.8.1. Programa de información e divulgación**

---

Redactarase un programa de información e divulgación, no que se establecerán os obxectivos, contidos, recursos humanos e materiais para o seu correcto funcionamento, así como o tipo de destinatarios ao que vai dirixido. Dito programa comprenderá as seguintes actuacións:

- a) Determinarase a rede de distribución e os medios a utilizar en cada caso para difundir a información sobre o Parque Nacional, tanto nos propios arquipélagos como nas oficinas ou outros puntos de información situados no seu contorno. Todos os puntos de información e centros de visitantes serán atendidos con persoal suficiente e cualificado, ofrecendo o servizo de calidade que esixe a condición de Parque Nacional.
- b) Implantar unha rede de comunicacións que dea soporte a servizos avanzados relativos á xestión dos recursos naturais e a atención ao visitante.
- c) Realizaranse actuacións directas (xornadas para informadores turísticos, seminarios...) e indirectas (revisión de contidos de publicacións externas), para velar porque a información difundida por outras entidades sobre o Parque sexa correcta.
- d) Diseñaranse, melloraranse e publicaranse folletos e outros materiais divulgativos sobre aspectos do Parque Nacional, como: 1) guías de campo, 2) actividades, 3) planos de sendeiros e rutas de acceso libre, 4) recomendacións sobre seguridade e 5) normas de conduta. Na súa elaboración atenderase a criterios de "deseño para todos" e, en caso necesario, desenvolveranse materiais especificamente adaptados a persoas con diversidade funcional.
- e) Intentarase cubrir toda aquela solicitude de información e divulgación demandada por institucións ou particulares en función dos recursos humanos e materiais dispoñibles.
- f) Promocionar o coñecemento do Parque Nacional a través de actividades de educación e interpretación ambiental, de exposicións, conferencias e da creación de contidos específicos para a súa páxina web.
- g) Desenvolver reunións de traballo co sector turístico para fomentar unha promoción sostible do Parque Nacional.
- h) Desenvolver actividades, colaboracións ou mesas de traballo con diferentes colectivos cuxa actividade se desenvolva no Parque Nacional, co fin de intercambiar coñecementos, experiencias ou proporcionarlles información sobre a regulación das súas actividades, co obxecto de implicar os na conservación e protección do Parque Nacional.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

i) Potenciación e mantemento dun sistema de relacións permanente e fluído cos concellos da área de influencia socioeconómica e titulares de dereito.

#### **4.8.2. Programa de Interpretación**

---

Desenvolveranse as seguintes actuacións:

- a) Desenvolver e manter programas interpretativos dos distintos procesos naturais e dos seus elementos e, en xeral, de todo aquilo que está directamente ligado ao Parque, mediante a aplicación das máis actualizadas técnicas e medios interpretativos, así como profesionalizar e cualificar ao máximo grao posible a visita guiada.
- b) Ofertar ao visitante servizos persoais como base da interpretación cualificada que se realice no Parque Nacional, a causa da súa flexibilidade e interacción persoa-persoa e por ser o medio máis efectivo de estimular a comprensión e apreciación dos seus valores, ao proporcionar información, orientación e axudar a asegurar a protección dos recursos e a seguridade do visitante.
- c) Complementar os servizos persoais de interpretación con medios non persoais na medida e circunstancias apropiadas ou, se procede, a través da combinación de ambas modalidades.
- d) Contar cun equipo de guías-intérpretes propios do Parque Nacional, profesional e cualificado, que garanta a eficacia do servizo.
- e) Manter, como mínimo, o actual servizo interpretativo e intentar ampliálo para axustalo á demanda en tempada alta.
- f) Ofertar actividades interpretativas en tempada baixa.

#### **4.8.3. Programa de educación ambiental**

---

Manteranse os programas educativos actuais dirixidos a Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria, consolidando tanto a calidade dos mesmos como o número de participantes, que deberá ser suficientemente significativo para representar á comunidade escolar do contorno do Parque Nacional. Intentarase ampliar ademais a oferta a outros colectivos, a través doutros programas ou actividades puntuais.

#### **4.8.4. Programa de voluntariado e de prácticas**

---

Regularanse as actividades de voluntariado e prácticas no Parque Nacional.

#### **4.8.5. Equipamentos e infraestruturas de Uso Público**

---

Con carácter xeral, construíranse e dotaranse cos materiais e os medios necesarios as infraestruturas de uso público do Parque Nacional.

Melloraranse os equipamentos materiais con medios para aumentar a calidade da información, interpretación e educación dos visitantes en xeral e da poboación local, sempre segundo se estableza

## **Plan Reitor de Uso e Xestión**

### **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

nos correspondentes documentos ou programas (información, interpretación, educación, sinalización...).

Avanzarase na adaptación das infraestruturas do Parque Nacional ás necesidades das persoas con diversidade funcional, con especial atención dos puntos de información.

Os equipamentos de acollida de visitantes que se porán en funcionamento durante o período de vixencia do presente PRUX, así como as actuacións que se realizarán en cada un de eles, se especifican a continuación.

a) Centro de Visitantes de O Cambón: albergará un punto de atención personalizada, exposición, sala de audiovisuais e biblioteca, ademais das oficinas administrativas do Parque. Nas infraestruturas de libre acceso e gratúitas se ofrecerán os servizos básicos de acollida de visitantes, información, interpretación e acceso a publicacións e documentación. Realizaranse as seguintes actuacións:

- Dotación de equipamento interpretativo.
- Dotación de persoal necesario e cualificado para o seu correcto funcionamento.
- Dotación de material divulgativo.

b) Centros de visitantes de Cíes e de Ons: cada un de eles estará dotado de sala de exposición con equipamento interpretativo, sala multiusos, aseos públicos, biblioteca e un punto de información personalizada. O centro de Ons terá un xardín botánico coas especies máis representativas. Os centros albergarán ademais as oficinas administrativas do Parque. Durante a súa apertura, que comprenderá como mínimo o período considerado como tempada alta, dotarase de persoal necesario e cualificado para o seu correcto funcionamento, así como de material divulgativo. En todo caso permanecerán abertos ao público o maior período de tempo posible.

c) Casetas de información: na actualidade hai tres casetas de información, funcionando ininterrompidamente a de Cortegada, e só en tempada alta as de Cíes e Ons. Estarán atendidas por persoal suficiente e cualificado para o seu correcto funcionamento. En Sálvora acondicionarase un punto de información, que se localizará, inicialmente, no pazo "O Almacén".

d) Observatorios de aves de Monteagudo e A Campá (Cíes): manteranse en perfecto estado. Avaliarase a posible instalación de novos observatorios noutros arquipélagos.

e) Miradoiros: manteranse en perfecto estado de uso.

f) Áreas de descanso: avaliarase a idoneidade das existentes e a necesidade de novas instalacións, manténdooas en perfecto estado de uso

g) Paneis informativos e interpretativos: manteranse en perfecto estado de uso, e se avaliará a posible instalación doutros novos.

h) Zona de acampada: mellora e mantemento das instalacións, mobiliario, elementos de información e de seguridade. Dotarase de persoal necesario para o seu correcto funcionamento.

#### **4.8.5. Rede de Sendeiros. Sinalización**

---

a) Regularase a utilización das vías de desprazamento no Parque Nacional, promovendo a mellora e o mantemento das mesmas e da súa sinalización.

b) Se minimizará o impacto ambiental de todos os itinerarios de uso público, analizando a posible eliminación ou creación de novos camiños por motivos de conservación ou de seguridade dos visitantes.

#### **4.8.6. Seguridade e protección dos visitantes**

---

A Administración do Parque Nacional apoiará ás administracións competentes en materia de seguridade e protección dos visitantes, coa adopción das medidas e iniciativas de prevención e

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

actuación que se especifican a continuación. Todas elas deberán estar incluídas nun plan de emerxencias, cos protocolos correspondentes a cada tipo de continxencia.

- a) Normas de seguridade: elaboraranse e darán a coñecer as normas de protección e seguridade xerais para os visitantes, intentando que cheguen ao maior número de usuarios posibles.
  - b) Prevención sanitaria: velarase polo cumprimento da lexislación vixente en materia de residuos e de control da calidade das augas, a fin de evitar prexuízos para a saúde.
  - c) Prevención de accidentes: promoverase ante a Administración competente o mantemento en perfecto estado de todos os elementos de seguridade que existan no interior do Parque.
- Tomaranse tantas medidas de prevención sexan necesarias, incluíndo o peche de determinados sectores ao uso público, para previr ou evitar danos ás persoas. Non obstante, os aspectos de conservación primarán sobre as medidas activas de protección que supoñan intervención no medio.
- d) Atención sanitaria: asegurase, mediante convenio, a prestación de servizos de primeiros auxilios e socorro nos arquipélagos, ao menos durante a tempada alta. Intentarase que ditos servizos se amplíen ao horario nocturno. Dotarase de botiquíns básicos a todos os arquipélagos.
  - e) Rescates: para actuacións en caso de perda ou accidente, a Administración do Parque porá a disposición das administracións competentes os medios necesarios para a súa incorporación nos equipos de rescate.
  - f) Capacitación e entramento: periodicamente se realizarán cursos e prácticas de primeiros auxilios e de rescate e atención a accidentados. Neles poderán participar todas as persoas que por razón da súa actividade no Parque Nacional poidan verse involucradas neste tipo de continxencias.

#### **4.8.7. Programa de calidade da área de Uso Público**

---

Implantarase un sistema de calidade da área de Uso Público. O sistema contemplará o desenvolvemento dunha norma voluntaria e autorregulamentada polos propios xestores do Parque Nacional, que se traducirá nunha serie de ferramentas e documentos para a súa aplicación pola dirección e polo equipo de Uso Público.

## **4.9. En materia de relacións coa poboación local**

---

Durante o período de vixencia do presente PRUX, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- a) Crear grupos de traballo en colaboración con outras Administracións, para a promoción, uso e gozo sostíbeis do Parque Nacional.
- b) Fomentar a creación de empresas con participación de poboación local que desenvolvan a súa actividade no Parque Nacional.

## **4.10. En materia de infraestruturas**

Durante o período de vixencia do presente PRUX, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- a) Desenvolver un plan de adecuación dos portos de acceso ao Parque Nacional para persoas con discapacidade funcional, con especial atención dos puntos de información.
- b) Adecuación das vivendas dos traballadores do Parque Nacional.

## **4.11. En materia de seguimento e avaliación**

Durante o período de vixencia do presente PRUX, desenvolveranse as seguintes actuacións:

### **Para o seguimento de procesos naturais**

- a) Poñer en práctica os protocolos de monitorización para cumprir cos compromisos OSPAR.
- b) Poñer en práctica os protocolos de monitorización do cambio climático, para cumprir cos compromisos do programa LTER (Long Term Ecological Research).
- c) Seguimento do estado fitosanitario das formacións vexetais.

### **Para o seguimento da biodiversidade**

- a) Deseño e posta en práctica de procedementos de inventario e seguimento da flora, da fauna e dos tipos de hábitat, integrándoos nun sistema de información xeográfica (SIG).
- b) Integración das actuacións de seguimento previstas nos Plans de Conservación e Recuperación elaborados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que concernen a especies presentes no Parque Nacional. Serán obxecto de seguimento, polo menos, as seguintes especies ou hábitats representativos do Parque Nacional:
  - Anfibios e réptiles.
  - Aves mariñas.
  - Morcegos.
  - Fondos de maërl.
  - Especies ameazadas, endémicas ou de alto valor ecolóxico.
  - Especies exóticas, domésticas, introducidas e xeralistas.

**Plan Reitor de Uso e Xestión**  
**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

---

**Para o seguimento de actividades humanas**

Serán obxecto de seguimento as seguintes cuestións:

- Aproveitamentos autorizados (pesqueiros e marisqueiros).
- Actividades derivadas da xestión e investigación.

**Para o seguimento do uso público**

Serán obxecto de seguimento as seguintes cuestións:

- Cuantificación do número de visitantes e caracterización da súa tipoloxía.
- Consolidación e mellora do sistema de recollida sistemática de datos de Uso Público, para o que se dotará da tecnoloxía, material e formación do persoal necesarios.
- Avaliación do grao de satisfacción da visita.

**Para o seguimento da contribución do Parque Nacional ao desenvolvemento sostible do contorno socioeconómico**

Serán obxecto de seguimento as seguintes cuestións:

- Valoración da imaxe do Parque Nacional como símbolo de identidade e promoción do contorno.

## **4.12. En materia de organización administrativa e participación cidadá**

---

Durante o período de vixencia do presente PRUX, desenvolveranse as seguintes actuacións:

a) Completar a dotación de persoal, axustándoa ao contido no Real Decreto 1082/2008, de 30 de xuño, sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia).

Incluír as funcións de cada área de traballo, garantindo a capacidade operativa de cada unidade funcional.

b) Establecer e reforzar mecanismos de coordinación e cooperación con todas aquelas Administracións sectoriais con competencias no Parque Nacional, ao obxecto de que toda actividade se desenvolva da forma máis compatible posible cos obxectivos do mesmo.

c) Ampliar a formación e cualificación complementaria dos profesionais do Parque Nacional, no marco dun sistema de perfeccionamento continuo que permita unha maior especialización para o mellor cumprimento das súas funcións.

A participación cidadá articularase a través do Padroado, os grupos de traballo que se constituán no seu seo e as comisións que se constituán ao amparo de Plans Sectoriais.

## **4.13. Plan de desenvolvemento sostible**

---

1. Realizarase ao longo do período de vixencia do presente Plan Reitor de Uso e Xestión.
2. A redacción do mesmo deberase rexer polo obxectivo de asegurar a integración do Parque Nacional co seu contorno, desenvolvendo liñas específicas de colaboración e apoio.
3. O desenvolvemento do mesmo guiarase polos seguintes aspectos:
  - a) O establecemento de criterios de elección tendo en conta a situación socioeconómica dos municipios, para a aplicación de actividades de desenvolvemento sostible a incentivar nas áreas de influencia socioeconómica do Parque, así como os mecanismos para a divulgación dos resultados, ao obxecto de lograr un efecto demostrativo. Nos casos adecuados, ditas actividades se poderán integrar en programas piloto.
  - b) Desenvolvemento dun programa de axudas e subvencións a institucións públicas e privadas entre as poboacións das áreas de influencia socioeconómica, ao obxecto de crear iniciativas económicas competitivas que xeren tecido empresarial.
  - c) Elaboración dun programa de mantemento de actividades tradicionais compatibles no Parque, como parte da estratexia de conservación dos seus valores naturais e culturais.
  - d) Nos casos en que resulte procedente, establecemento e aplicación, conforme à lexislación vixente, de criterios e mecanismos áxiles para a valoración e indemnización daquelas actividades e dereitos que sexa necesario limitar ou suprimir en razón da súa incompatibilidade cos fines do Parque.

## **4.14. Desenvolvemento de Plans Sectoriais**

---

1. Durante o período de vixencia do presente PRUX, desenvolveranse os seguintes plans sectoriais:
  - a) Plan sectorial de uso público e turismo.
  - b) Plan sectorial de xestión integral dos recursos pesqueiros e marisqueiros.
  - c) Plan sectorial de seguimento da zona OSPAR.
2. Os plans sectoriais desenvolvidos estarán integrados no Plan de desenvolvemento sostible do Parque Nacional.
3. O Director-Conservador do Parque establecerá mecanismos de coordinación co resto das Administracións sectoriais, ao obxecto de que toda actividade se desenvolva da forma máis compatible posible cos obxectivos do Parque.

## **4.15.** Estimación económica dos investimentos correspondentes

No Anexo III do presente documento recóllese, a efectos meramente indicativos, e condicionada sempre á existencia de dispoñibilidade orzamentaria, a estimación económica dos investimentos previstos durante a vixencia do presente PRUX.

## **Anexo I. Descripción de límites**

---

## **ZONIFICACIÓN**

---

De acordo co anexo do Real Decreto 1803/1999, de 26 de novembro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais, e cuxas definicións son aplicables a cada unha destas áreas, establécense as seguintes zonas, que quedan reflectidas na cartografía adxunta.

### **Zona de Reserva**

---

Ten como obxectivo garantir o máximo grao de protección a aquelas zonas que o requiren ou ás que, por determinadas razóns, non é posible autorizar ningún tipo de uso público. Engloba áreas que conteñen valores naturais de primeira magnitude en canto á súa rareza, fragilidade, biodiversidade e interese científico, aquelas outras que acollen procesos de rexeneración ou de estudo de recursos naturais, e as que poden calificarse como perigosas para o uso público. Estas zonas estarán suxeitas a revisión en base aos resultados de futuros estudos que amplíen o coñecemento existente, en especial no referente aos fondos mariños. Nesta zona inclúense os seguintes valores do Parque:

#### Medio terrestre

- Illotes próximos ás illas principais de cada un dos arquipélagos. Neles encóntranse áreas de cría de paiño pequeno, corvo mariño cristado, gaivota patiamarela ou gaivota escura, e zonas de refuxio de londra.
- Acantilados. Os diferentes tipos de vexetación que os cobren son hábitats de interese comunitario (Códigos Directiva 92/43/CEE 1230, 4040\*, 4030, 4090, 8220, 8230), e acollen a maior parte das colonias de cría de pardela cincenta, corvo mariño cristado e gaivota patiamarela. Dentro dos acantilados inclúense as furnas (Código 8330), utilizadas como lugares de cría ou refuxio por aves como a choia, e mamíferos como os morcegos e a londra.
